

**ACTA Nº 6/2018 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE LALÍN DO DÍA 25 DE MAIO DE 2018. EXPEDIENTE PLN/2018/6.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. M<sup>a</sup> JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

**SECRETARIO:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTOR:** D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

## ÍNDICE:

- 1.- Expediente 2859/2018. Aprobación, se procede, da Acta Nº 5/2018 da sesión ordinaria celebrada o día 27 04 2018 .....**Páx.4**
- 2.- Expediente 2853/2018. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 25052018  
**Páx.4**
- 3.- Expediente 2228/2018. Dación de conta dos informes de morosidade e período medio de pago do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín, correspondentes ao primeiro trimestre de 2018 .....**Páx.12**
- 4.- Expediente 2645/2018. Expediente de modificación de créditos. Crédito extraordinario Nº 4-P/2018 .....**Páx.13**
- 5.- Expediente 2717/2018. Expediente relativo ao establecemento dun sistema de contabilidade separada por clasificación orgánica e modificación das Bases de execución do orzamento .....**Páx.16**
- 6.- Expediente 2740/2018. Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito Nº 8/2018 ..... **Páx.27**
- 7.- Expediente 1413/2018. Comparecencia do Sr. Alcalde, aprobada polo Pleno na sesión celebrada o 04 04 2018 e posposta por acordo do Pleno na sesión celebrada o día 27 04 2018, para que ofrezca explicacións e resposte ás preguntas sobre a planificación, tramitación, actual estado e posibles reparacións da depuradora de Zobra e obra en Doade .....**Páx.33**
- 8.- Expediente 2253/2018. Comparecencia do Sr. Alcalde aprobada polo Pleno na sesión celebrada o día 27 04 2018 para ofrecer explicacións e responder preguntas sobre a tramitación do proxecto da planta de triturado de neumáticos impulsada pola empresa RACSO .....**Páx.50**
- 9.- Expediente 2760/2018. Moción do Grupo de Goberno sobre os atrasos no traslado da Oficina Agraria Comarcal .....**Páx.66**
- 10.-Expediente 2764/2018. Moción do PP solicitando a comparecencia do Alcalde para que dea explicacións sobre os investimentos en saneamentos e abastecementos de auga no presente mandato ..... **Páx.69**
- 11.-Expediente 2741/2018. Moción do PP para esixir a adopción de medidas para permitir que os gandeiros que non solicitaron a bonificación do IBI dos inmobles de uso agrario o poidan facer nun novo prazo .....**Páx.71**
- 12.-Expediente 2766/2018. Moción do PP para solicitar a adhesión ao Convenio Marco

para a captación de investimentos asinado pola Xunta de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias o pasado 10 de outubro de 2017 .....**Páx.76**

13.-Expediente 2881/2018. Moción por urxencia de concelleiro non adscrito en relación á aprobación de facturas nas que non se tramitou un expediente de contratación **Páx.85**

14.-Expediente 2959/2018. Moción por urxencia do PP para que o Alcalde propoña ao Pleno a modificación da Base de Execución nº 15 do orzamento .....**Páx.88**

15.-Expediente 2857/2018. Rogos e Preguntas. Pleno 25 05 2018.....**Páx.91**

Sendo as **nove horas** do venres, **día 25 de maio de 2018**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. *Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventor, *D. Fidel García Martul*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

#### **1.- EXPEDIENTE 2859/2018. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 5/2018 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 27 04 2018.-**

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta Nº 5/2018, da sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2018.

De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Pide que se revise de novo a acta n 5/ 27 de abril de 2018, especialmente as intervencións da oposición. Obsérvanse que ás veces é difícil de entender e outras veces non recolle a coherencia do que se escribe. Coidamos que as intervencións teñen que estar recollidas no audio, de palabra e que deben trasladarse as actas. Os cambios substanciais omiten. Pide que se realice unha revisión completa, sobre as intervencións do seu grupo o PP. Por exemplo na páxina 14 respecto á pregunta se asumía a legalidade total, o Secretario di que asume o contido do Decreto. A parte substancial non está. Na páxina 86, decretos avalaba a legalidade total dos decretos. O Secretario dixo que entón a acta non tería 86 páxinas, senón 130. Na páxina 54 as intervencións teñen contradicións claras. Pide por elo revisar.

O Secretario dixo que aceptaba realizar esta revisión.

O Sr. Alcalde, dixo tamén que entendía que o Secretario aceptaba.

Por unanimidade dos asistentes deixouse sobre a mesma para realizar unha revisión da mesma.

#### **2.- EXPEDIENTE 2853/2018. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 25052018.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

**3.- EXPEDIENTE 2228/2018. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN, CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2018.-**

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao 1º trimestre de 2018 elaborados pola Tesourería Municipal. A continuación o Sr. Secretario procedeu a dar lectura do resume dos mesmos, indicando que faltaba o do Padroado de Cultura xa que de agora en adiante iría este informe ao Consello de Administración.

Seguidamente, **o Pleno da Corporación:**

**Primeiro.-** Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao 1º trimestre de 2018 emitidos pola Tesourería Municipal.

**Segundo.-** En cumprimento da normativa vixente, acordou seguir as actuacións e dar publicidade na web municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

**Terceiro.-** Tomou coñecemento de que o período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao 1º trimestre de 2018, calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 29 días e a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de 6,627 días.

**Cuarto.-** Tomou coñecemento de que o período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao 1º trimestre de 2018 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 27 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de 13,269 días.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

**4.- EXPEDIENTE 2645/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 4-P/2018.-**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 15/05/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 21 de maio de 2018.**

**D. Nicolás González Casares.** Como aparecía na prensa estes días pasados na Feira Vella continuarán no futuro. Non se trata de non negociar nai nada. E que incluso na mesma prensa non se falou de cantidade. Soamente falouse de dar o seu apoio. Non é mérito do goberno, nin de Crespo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Xa advertimos ao goberno na subvención do Rally varias veces por activa e por pasiva que este sistema non era unha boa ferramenta de traballo. Vostedes comprométese cun colectivo a facer a modificación de créditos e cando está xa agochada logo queren ao PP para votar a favor da mesma. Advertimos isto mesmo co gallo do tema do Rally e agora por ultima vez dicímolo. Vai quedar rexistrado. Se teñen que traer aquí unha modificación como esta, non quere dicir esteamos en desacordo e votamos a favor. Con nós non conten no futuro, se antes o falan e o din ao colectivo interesado. Díganlle que falen con nós. Non estamos para iso. Cando veña, a toro pasado, e estea feita a actividade, non estaremos aí. A partir de hoxe imos votar en contra daquelas nas que non se nos comunicou nin se falou con nosoutros. Eu explicarei aos colectivos o voto en contra e dareilles a gravación. Direilles que lles advertimos que, se non consultan, non apiaremos. Non é que esteamos en contra da actuación. Estamos de acordo, pero non a toro pasado. Imos votar a non.

**D. Nicolás González Casares.** Non falarmos con nos. Non había tempo.

De seguido houbo un debate con Crespo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Creo que é coñecedor de falarín con vos. APALC, carrozar. Xa advirto: no próximo pleno, pasará filtros, axudar carrozase coche da APALC.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se non estamos avisados, contén co voto en contra. Se falan connosco non hai problema.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Se da tempo, carrozase de coche.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se estamos de acordo non hai ningún problema., pero non despois que pase a actividade.

**D. Nicolás González Casares.** Xa lle dixemos que foi pola falta de tempo.

Non os chamou.

**D. Nicolás González Casares.** Dénsese tamén por advertidos. Eu tamén porei esta gravación.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** As posturas están claras.

**D. Juan José Cruz García.** Chama a atención amosar tanto, defender e protexer a un sector si quea potencia a economía de Lalín e tanta crítica que houbo no tema da caza do zorro. Hai moito zorro neste pleno, que sen a sentar aquí, que ven a vender, cando e como queredes. Si vou votar a favor. Non lle gustan os zorros. Hai que tratalos como se merecen. Polo tanto se somos capaces de mover este tipo de axudas... Confía nun 100 % no destino das mesmas, pero esperemos que non sexan para comidas, como sucedeu en Palio, no teleclub, afíns para os amigos e para ocio e actividade lúdicas. Esperemos que vaian destinados ás actividades. Eu voto por potenciar as actividades cinexéticas. Se temos tanta preocupación por esta

modificación de créditos, vemos que noutros casos non hai tanta presa nin suxerencias en potenciar as actividades. Outras actividades non teñen tanta urxencia. Por exemplo o auditorio de Muimenta ten un problema grave e levades faltando ao respecto aos veciños tanto tempo!.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Grazas Sr. Cruz. Non se vai referir a outros puntos. Logo en rogos e preguntas pode falar dese temas.

**D. Juan José Cruz García.** Vostede é un sinvergonza. Un auténtico sinvergonza.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Retíroche a palabra. Como sempre.

Procedemos a votar a omdficiacioin de creidtiso..

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

Incóase o expediente de Crédito Extraordinario número 4-P/2018, a financiar con cargo á baixa de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

Proponse dotar a correspondente aplicación orzamentaria para a concesión de subvención nominativa á Sociedade de Caza e Pesca de Lalín para a celebración da I EXPOSICIÓN DE CANS DE CAZA, CONCELLO DE LALÍN"; tendo en conta o exposto, é necesario modificar o orzamento municipal vixente neste momento, correspondente ó do exercicio 2017 prorrogado para o 2018, achegándose a este expediente a memoria de actividades e orzamento para a celebración do citado evento así como o informe técnico xustificativo do interese ou finalidade pública que sepretende conseguir coa concesión directa desta subvención.

Esta modificación supón, ademais, modificar as Bases de Execución do Orzamento 2017 prorrogado para o 2018, na que se contemplan as subvencións nominativas (Base 27).

#### **O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado con baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
341.489.32	Promoción e fomento do Deporte	3.200,00

Subv. Sociedade de Caza e Pesca de Lalín  
"I Exposición de cans de caza Concello de Lalín"

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3.200,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
341.130.02	Promoción e Fomento do Deporte Laboral fixo. Outras remuneracións	3.200,00

TOTAL BAIXAS 3.200,00 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Segundo.-** Modificar a Base 27, das Bases de Execución do Orzamento para incluír a seguinte:

- Subv. Sociedade de Caza e Pesca de Lalín  
"I Exposición de cans de caza Concello de Lalín"  
Importe de 3.200 €.

**Terceiro.-** Que este expediente de modificación de créditos e modificación das bases de execución, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Cuarto.-** Este expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

**D. Juan José Cruz García.** Isto vaiche saír caro.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Recolla en acta isto.

**D. Juan José Cruz García.** Expúlsame do Pleno. Aquí tes o poder de cortarme o micro e o poder contarlle a palabra aos veciños de Lalín. Expúlsame do Pleno.

**5.- EXPEDIENTE 2717/2018. EXPEDIENTE RELATIVO AO ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DE CONTABILIDADE SEPARADA POR CLASIFICACIÓN ORGÁNICA E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO**



## **ORZAMENTO.-**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e do Informe-proposta asinado conxuntamente pola Alcaldía e o Sr. Interventor, de data 15/05/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 21 de maio de 2018.**

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.** Isto é preciso para cumprir o regulamento europeo e coa lei de facendas locais. Ten que haber unha clasificación distinta para organizar e para levar os gastos que o Concello ten que levar no programa DUSY. Así quedarían separados os do Concello e os do DUSY.

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** Bos días. Estamos de acordo en que vostede fagan os cambios necesarios para que podan executar o DUSY. Para levalo a cabo, vostede presentan os cambios nas bases de execución do orzamento. Sobre isto queren que o Sr. Interventor lles aclare algo e despois presentarán unha proposta de cambio de base.

Primeiro quería preguntarlle a vostede: Esta adaptación é obrigatoria por lei ou faise a proposta de Intervención? Lendo parece que é a proposta da empresa. Me entende?

*O Interventor.* Hai unha cousa básica que di a empresa: e é que se necesita un sistema contable separado. Se o están levando teñen que levar un seguimento contable separado deste Programa. Se optou por Intervención en introducir unha estrutura orgánica, no sentido introducido na proposta

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** É unha recomendación ou unha proposta da consultora?. Non é unha obriga legal?

**D. Fidel García Martul.** E obrigatoria levar unha contabilidade separada. Das opcións que avaliamos esta era a mellor, conxuntamente coa empresa. É necesario esta contabilidade paa cando veñan os auditores. É o mellor para levar o control pola da empresa e dos gastos era establecer este sistema tanto nos ingresos como os gastos.

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** O cambio da Base 5 é consecuencia do cambio na base IV. A base a 4 5 vai vinculada á estrutura presupostaria anterior. Non supón máis que os gastos da clasifican organicamente. Vanse destinar aos gastos do DUSY.

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** Aclarado isto, nos propoñimos neste punto que se incorpore a petición súa que o Alcalde Base 15 execución dos orzamentos, ligado aos cambios do seguinte punto. Entendemos que vostede unha moción. Vostede ten a responsabilidade de incluír incluír ou de introducir os cambios. A Base 15 onde se delimitan as competencias, que a Alcaldía asuma os expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos para aqueles gastos que non sigan o procedemento de contratación porque ten a responsabilidade. E responsabilidade súa executar a fase de gasto, responsabilidade, debería facer este cambio.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Agradezo moito este xesto.

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.** Entendo que non procede neste momento tratar a moción. Son dúas contabilidades separadas. Hai unha moción dun compañeiro, Juan José Cruz, e creo debe ser tratado como punto independente. No punto se é unha obriga legal, están citados os artigos, no noso programa de contabilidade, díxoo Interventor. Non se dan sacado os gastos. Por iso hai que facer esta parición. Non é unha proposta nosa, nin da empresa; hai que facelo.

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** É un punto independente. Na propia moción vosa dise que é unha necesidade contable.

**D. Juan José Cruz García.** Non me trate de compañeiro do PP.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Tratoulle de compañeiro da Corporación.

**D. Juan José Cruz García.** Non me trate...Prégolle que non me trate de compañeiro, nin do PP. Cando lea a moción, verá que para nada tiña tan claro o tema que acaba expoñer o concello. A moción non é paralela ao que estamos falando, prégolle o PP que se postule do que estamos falando. Gustaríame que ampliásemos a moción, vindo que do punto 15 estamos un tanto desinformados. Se na moción recollese o cambio na Base 15. Estamos a externalizar o servizo? Pregunta ao Interventor. Se necesitan facer traballos con empresas externas?

*O Interventor.* Hai un contrato con esta empresa.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Utilice unha linguaxe básica para que entendamos todos.

*O Interventor.* Hai un contrato con esta empresa, IDoM

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Estou alucinando. Que falta de respecto...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É para que todos podamos entendernos. Que non se utilice unha linguaxe excesivamente técnica. Empezando por min. Colledes todo con papel de fumar. É increíble.

*O Interventor.* Hai un contrato coa empresa IDOM para a tramitación e a xestión da subvención.

**D. Juan José Cruz García.** Perdón. Estou moi nervioso. Ten razón: hai cousas moi técnicas. O discurso político está derivando a cauces que me custa entender

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** O interventor é un funcionario que nada ten que ver coas disputas políticas. Mido o máximo respecto para os funcionarios desta casa.

**D. Juan José Cruz García.** Por iso mesmo, non estaba escoitando, entendederas son as que son. Pido se pode volver repetir a esposición, es e é tan mala.

O *Interventor*. Estou como interventor non como edil. Pido respecto á miña persoa. Hai un contrato de asistencia co Concello, tramitación e a xestión do DUSY, porque é un programa especialmente complexo, onde está máis que xustificada esa colaboración en todos os aspectos. Ese expediente de contratación, está informado e ten o visto bo da Intervención.

**D. Juan José Cruz García.** Creo que non lle faltei ao respecto.

*Sr. Interventor.* Acabei.

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.** Ten que haber unha contabilidade separada do DUSY é o que estamos propoñendo ao pleno.

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** Eu iso xa o entendín, Teresa. Eu lles fago unha proposta para incluír no expediente, aparte do acordo das dúas bases relacionadas DUSY, bases IV e V, modificar a base 15 para que as responsabilidades caian en quen ten a responsabilidade de toda a fase do gasto. Pídlles que nos digan se o van incluír ou non. Segundo vostede vaian actuando, nos adoptaremos unha postura ou outra no Pleno. Xa o dixemos: á primeira parte, anuncio que imos votar a favor, independentemente do que eu lles propoño

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.** Se queres modificar as bases de execución agora non é o momento facer a proposta. Díxeno antes e agora. Este tema aten que tratarse no punto seguinte. Pola miña banda non hai ningún tipo de problema. E ten que haber un informe de Intervención que así o recolla. Esa base 15 está recollida así desde o ano 2010 e dende entón está así. Nunca antes se interpretou tan restritivamente desde 2010. O podedes verificar calquera dos que estades aquí sentados.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É o mais antigo que se atopou.

*Interventor.* Así é

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Exacto.

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** O orzamento é un documento vivo do goberno, voso, de vostede. Non me podedes xustifica isto dicindo que ven así desde 2010, ou vostedes fan un corta e pega. O anterior goberno que o fixera tiña unhas circunstancias e este outras. O que se acorde aquí neste punto vai condicionar o que nos fagamos despois. Está clarísimo e o entendemos.

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.** Algo vivo non. Isto é unha contabilidade separada, que podemos modificar.

De seguidado houbo debate con José Antonio Rodríguez Fernández que non se oe.

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.** Considero que aprobación desta base non se pode facer así, separadamente. Creo que ten que ser nosa a proposta e tratarse nun apartado distinto.

*Interventor.* O informe de intervención ten que ter a normativa; ten complexidades o asunto, xa que estamos xogando coas competencias do Pleno fixadas por lei.

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** Leu a parte da moción.

O *Secretario.* Indica: Instar.

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** Instar e incluír....

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.** Non é que non a queiramos meter. E un expediente distinto que ven a parte. Ten que vir, con informe para modificar a contabilidade separada. Isto tamén.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Aten que facer informe aparte.

*Interventor.* Sobre proposta de concluír que veña cun texto. E forma xenérica non podo informar.

**D. Juan Antonio Rodríguez Fernández.** Non se escoita.

**D. Juan José Cruz García.** Rógolle ao Interventor que trate co mesmo respecto, eu lle trato. Simplemente lle pedín.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vouche falar en castelán, polo de Cidadáns. Como dixo Vilariño, cústame falar en castelán.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Que morro!.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Por favor, fale e diga a verdade. É que de verdade!. Fala o que queiras, pero non te dirixas ao Interventor con esa falta de respecto.

**D. Juan José Cruz García.** Que falta de respecto?. Primeiramente, se considera que o faltei ao respecto ao Interventor, as miñas desculpas, pero considero que non o faltei. Pedín que repetira algo polo estado de nervios provocado polo alcalde. Rógolle ao Interventor que me trate a min co mesmo respecto que eu lle estou dando. Pedín que repetira algo que non entendín. Iso non é faltar ao respecto. A miña pregunta é: estamos falando neste Pleno de reparos ou non estamos falando de reparos?. Entón tampouco teño as miñas entendederas. Co máximo respecto a todos membros do Pleno: Se o interventor di que ou goberno todo está ben e todo favorable porque teñen que vir a este pleno o recoñecemento extraxudicial?. Haberá cousas que están mal?. Dígoo co máximo respecto a todas persoas deste pleno.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE O INFORME-PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

Con data de 13 de novembro de 2015 aprobouse a Resolución do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en virtude da cal se aproban as bases e a 1ª convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

O Concello de Lalín, na súa política de reforzar o seu desenvolvemento local e urbano participou na devandita convocatoria de axudas FEDER a través da estratexia denominada “LALÍN SSUMA 21”. Mediante resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, publicada no BOE núm. 301, de 14 de decembro de 2016, pola que se resolveu definitivamente a 1ª convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, resultou seleccionada a estratexia presentada polo Concello de Lalín “Lalín Suma 21” á que se asignou unha axuda por importe de 5.000.000 €.

O importe total subvencionado inclúe o financiamento do 80%, nunha contía máxima de 200.000 €, para cubrir o 4% en concepto de custes de xestión derivados da execución das actuacións financiadas.

Para a elaboración da estratexia tivéronse en conta os principios que orienta o artigo 7 do regulamento 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro, sobre FEDER. Nesta liña, contempláronse os cinco retos seguintes: económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais.

A citada estratexia, “Lalín Ssuma 21” está articulada en torno a 3 vectores estratéxicos:

- Cidade Intelixente.
- Cidade Sostible.
- Cidade Integradora.

No plan de implementación da mesma definíronse quince liñas de actuación:

LA01.- Proxecto de Implantación de Administración Electrónica.

LA02.- Posta en marcha da Identidade Dixital para la Cidadanía.

LA03.- Desenvolvemento e Implementación dunha Ferramenta TIC para o Mapeo de Deficiencias.

LA04.- Posta en marcha de una Estratexia de Goberno Aberto y Open Data.

LA05.- Lanzamento do Plan Smart City Lalín.

LA06.- Lalín Cinto Verde.

LA07.- Mellora da Eficiencia Enerxética nas Instalacións Deportivas Municipais Urbanas.

LA08.- Execución das Plataformas Peonís e de Accesibilidade para o Plan de Peonalización de Lalín.

LA09.- Rehabilitación da Área Urbana de Interese Cultural e Patrimonial de Donramiro.

LA10.- Rehabilitación da Área urbana de Interese Cultural e Patrimonial de Lalín de Arriba.

LA11.- Pasarelas Verdes de Continuidade Urbana Sostible e Segura.

LA12.- Medidas de Apoio para a comercialización e Innovación do Comercio Local e das Novas Iniciativas de Producción Agroindustrial.

- LA13.- Concilia Lalín.
- LA14.- Plan Talento Lalín.
- LA15.- Manuel Rivero

Unha vez definidas as Liñas de Actuación dentro da Estratexia DUSI e diante a necesidade de concretar (propoñer, avaliar, seleccionar e aprobar) as Operacións a executar en cada unha das liñas definidas para acadar os obxectivos da Estratexia DUSI e coa finalidade de levar a cabo a xestión e seguimento das actividades e proxectos así como a comunicación e información da mesma, o Concello de Lalín tramitou un contrato de servizos de asistencia técnica para o apoio, xestión e seguimento das actividades e proxectos, así como para a comunicación, información e publicidade da estratexia DUSI “LALÍN SSUMA 21”, xa que este concello non dispón de persoal especializado na materia e posto que se precisa dun seguimento constante da estratexia, para o cal non dispón de suficientes medios dentro do seu plantel de persoal.

Por esta razón, ante o inxente volume de traballo que supón o desenvolvemento da estratexia “Lalín SSUMA 21” e a complexidade dos trámites para o cumprimento dos requisitos derivados da xestión de Fondos FEDER, o Concello, unha vez tramitado o expediente de contratación e cumprimentados os trámites e requisitos esixidos pola lexislación de contratos, con data do 25 de abril, fomalizou coa empresa IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U. o contrato de servizo de Asistencia técnica para o apoio, xestión e seguimento das actividades e proxectos, así como para a comunicación, información e publicidade da Estratexia DUSI “LALÍN SSUMA 21”.

En execución do servizo contratado, pola empresa IDOM, unha vez constatado o sistema de contabilización de operacións existente neste Concello, emitiu o seguinte Informe sobre a necesidade de dispoñer dun Sistema de contabilización separada: “

**“Informe de necesidade de dispoñer de un Sistema de contabilización separada.** Como se recoga en el Acuerdo de Compromiso en Materia de Asunción de Funciones para la Gestión FEDER del “Ayuntamiento de Lalín”, firmado el 16 de diciembre de 2016, el Ayuntamiento de Lalín se compromete a asumir como Organismo Intermedio Ligero, entre otras, la siguiente función ante la Autoridad de Gestión del FEDER:

#### **Sistema de contabilización separada**

*La Entidad Local DUSI contará con un sistema de contabilidad separada para todas las transacciones relacionadas con las operaciones objeto de cofinanciación o bien contará con una codificación contable adecuada que permita identificar claramente dichas transacciones, debiendo distinguir las partidas presupuestarias de la contabilidad nacional y comunitaria. Todo ello, sin perjuicio de las normas de contabilidad nacional.*

*Asimismo, se asegurará de que las unidades ejecutoras que cuenten con un sistema de contabilidad independiente y, en su caso, los beneficiarios, cuentan con un sistema equivalente de contabilidad separada o de codificación contable diferenciada. Esta obligación es impuesta como consecuencia del art. 125 4. b) del Reglamento (UE) Nº 1303/20131:*

*Garantizar que los beneficiarios que participan en la ejecución de las operaciones reembolsadas sobre la base de los costes subvencionables en los que se haya incurrido*

*efectivamente o bien lleven un sistema de contabilidad aparte, o bien asignen un código contable adecuado a todas las transacciones relacionadas con una operación.*

*Y del apartado 3.A.v) del Anexo XIII de dicho Reglamento donde se recoge que la Autoridad de Gestión en sus actividades de Gestión y Control debe tener:*

*Procedimientos establecidos por la autoridad de gestión para garantizar que los beneficiarios mantengan un sistema separado de contabilidad o un código de contabilidad suficiente para todas las transacciones relacionadas con una operación.*

*Actualmente el Ayuntamiento de Lalín no dispone de un sistema de contabilización separada o codificación adecuada. Como se ha comprobado, es un compromiso que ha firmado el Ayuntamiento.*

*Por tanto, el Ayuntamiento de Lalín debe cumplir con el requisito del Sistema de contabilización separada debiéndose crear un sistema de contabilidad separada para todas las transacciones dentro del proyecto LalínSSuma21, o una codificación contable adecuada que permita identificar claramente las transacciones dentro del proyecto”.*

Tendo en conta o exposto no citado informe e á vista das súas conclusións, pola Intervención municipal considérase axeitado, para o establecemento dun Sistema de contabilización separada, que cumpra cos requisitos esixidos pola normativa reguladora do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, optar polo establecemento dunha clasificación orgánica específica para todas as aplicacións orzamentarias relativas ao desenvolvemento da EDUSI LALÍN SSUMA 21; isto permitiría partir dunha codificación única aos efectos da acreditación da existencia dunha contabilidade separada para todas as transaccións dentro do proxecto LalínSsuma21 cunha codificación contable axeitada.

Segundo o establecido na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/20108, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, a utilización dunha clasificación orgánica é opcional para as entidades locais; segundo o Artigo 6 da citada orde:

*«Artículo 6 Aplicación presupuestaria La aplicación presupuestaria cuya expresión cifrada constituye el crédito presupuestario vendrá definida, al menos, por la conjunción de las clasificaciones por programas y económica, en el nivel de grupo de programa o programa y concepto o subconcepto respectivamente.*

*En el caso de que la Entidad local opte por utilizar la clasificación orgánica, la aplicación presupuestaria vendrá definida por la conjunción de las clasificaciones orgánica, por programas y económica.»*

A utilización da clasificación orgánica específica para todas as transaccións dentro do proxecto LalínSsuma21 afecta a todas as aplicación orzamentarias que recollan créditos ou previsións de ingresos relativos á execución da citada estratexia.No orzamento de gastos, a aplicación orzamentaria virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programas e económica, en concreto na actualidade afecta ás seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN  
ORZAMENTARIA

DENOMINACIÓN

---

1.152.2.622.47	Conservación e rehabilitación da edificación. DUSI: Plan Manuel Rivero
1.153.2.619.47	Pavimentación de vías públicas. DUSI: Plan Manuel Rivero
1.337.622.47	Instalacións de ocupación do tempo libre DUSI: Plan Manuel Rivero
1.153.1.609.26	Acceso a núcleos de poboación DUSI: Lalín Pasarelas Verdes
1.153.1.619.48	Acceso a núcleos de poboación DUSI: Lalín Cinto Verde
1.153.2.609.23	Pavimentación Vías Públicas DUSI: Peonalización
1.171.623.08	Parques e xardíns DUSI: Mellora enerxética instalacións
1.342.623.08	Instalacións deportivas DUSI: Mellora enerxética instalacións
1.336.609.24	Protección e xestión patrimonio histórico-artístico DUSI: Plan Donramiro
1.336.609.25	Protección e xestión patrimonio histórico-artístico DUSI: Lalín de Arriba
1.491.629.06	Sociedade da información DUSI: Lalín Smart City
1.491.641.01	Sociedade da información DUSI: Goberno aberto. Open Data
1.491.641.02	Sociedade da información DUSI: Administración Electrónica
1.492.641.03	Xestión do coñecemento DUSI: Tarxeta cidadán e ID dixital
01.431.1.226.09.05	Feiras. DUSI: Apoio produtores locais
1.231.226.09.04	Asistencia social primaria DUSI: Concilia Lalín actividades O.T.9
1.920.227.06.01	Administración Xeral DUSI: Xestión administrativa Lalín Ssuma 21
1.920.226.02.02	Administración Xeral Publicidade e propaganda Lalin Ssuma21
1.920.120.03.02	Administración Xeral. Salario básico funcionarios Gr. C1 execución estratexia Lalín Ssuma21
1.920.121.00.02	Administración Xeral. Complemento de destino funcionario Execución estratexia Lalín Ssuma21
1.920.121.01.02	Administración Xeral. Complemento específico funcionario Execución estratexia Lalín Ssuma21
1.920.160.00.02	Administración Xeral. Seguridade Social funcionario Execución estratexia Lalín Ssuma21
1.326.481.01	Servizos complementarios de educación DUSI: Becas Plan Talento

No orzamento de ingresos, a estrutura do concepto de ingreso virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica e económica, en concreto:



CONCEPTO DE INGRESOS	DENOMINACIÓN
1.797.01	Transferencias de capital. Subv. Estratexias Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) cofinanciadas Pr.Operativo FEDER 2014-2020
1.497.02	Transferencias correntes. Subv. Estratexias Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) cofinanciadas Pr.Operativo FEDER 2014-2020

Optar polo establecemento dunha clasificación orgánica leva consigo a necesidade de modificar as Bases de Execución do Orzamento vixente correspondente ao do exercicio 2017 prorrogado para o 2018 (Base 4 relativa á estrutura orzamentaria e Base 5 sobre a vinculación xurídica dos créditos).

No que se refire a competencia, tendo en conta que require a modificación das Bases de Execución do Orzamento, é competencia do Pleno da Corporación.

Tendo en conta o exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a utilización dunha clasificación orgánica “1” específica para todas as aplicacións orzamentarias de gastos e conceptos de ingresos relativos ao desenvolvemento da EDUSI LALÍN SSUMA21 e unha clasificación orgánica “0” para o resto. A utilización da citada clasificación terá efectos dende o inicio do exercicio económico de 2018, e polo tanto a súa aplicación coincidirá coa de vixencia do orzamento prorrogado do 2017 para o 2018.

**Segundo.-** Como consecuencia do anterior, modificar as Bases 4 e 5 de Execución do Orzamento do exercicio 2017, prorrogado para o 2018, que quedarán redactadas nos seguintes términos:

#### **“BASE 4 - ESTRUCTURA PRESUPOSTARIA**

O Presuposto xeral do Concello axústase á estrutura orzamentaria prevista na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais segundo modificación acordada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo.

En consecuencia, os créditos incluídos nos estados de gastos clasifícanse conforme ós seguintes criterios:

a) Orgánica, cun nivel de desagregación , de acordo coa seguinte estrutura:

0	CONCELLO
1	EDUSI LALIN SSUMA21

b) Por programas.- Área de Gasto, Política de Gasto, Grupo de Programa e, no

seu caso, Programa.

c) Económica.- Capítulo, Artigo, Concepto e, no seu caso, Subconcepto.

A aplicación orzamentaria definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programas e económica constitúe a unidade sobre a que se efectuará o rexistro contable dos créditos e as súas modificacións, así como as operacións de execución do gasto.

Dentro do Estado de Gastos, entenderanse abertos con cero Euros aqueles conceptos ou grupo de programas previstos na Orde HAP/3565/2008, do 3 de decembro, nos que sendo precisa a imputación dun gasto e contando con crédito dispoñible na bolsa de vinculación xurídica, non aparecen de forma expresa nos estados de gastos do Presuposto Municipal.

Consonte o disposto na regra 3ª da Circular da Intervención Xeral da administración do Estado do 11 - 3 - 85, poderanse realizar imputacións contables a conceptos dun artigo aínda que non figuren abertos na contabilidade de gastos por non contaren con dotación orzamentaria. En todo caso, no documento ó que se una o soporte documental do gasto efectuado, estenderase polo interventor unha dilixencia, que indicará : "Primeira operación imputada ó concepto, ó abeiro do artigo 2º da Lei 50/84".

Así mesmo, dentro do Estado de Ingresos entenderanse abertos con cero euros aqueles subconceptos previstos na mencionada Orde, nos que sendo precisa a imputación dun ingreso, non aparecen de forma expresa no Estado de Ingresos do Presuposto Municipal.

Os conceptos de ingresos virán definidos pola conxunción das clasificacións orgánica e económica adaptada á Orde EHA/3565/2008.  
A clasificación orgánica virá descrita conforme ó seguinte DETALLE:

0	CONCELLO
1	EDUSI LALIN SSUMA21

#### **BASE 5 .- VINCULACIÓN XURÍDICA DE CRÉDITOS**

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron aprobados no Presuposto xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Por conta dos créditos do estado de gastos soamente se poderán contraer obrigas derivadas de adquisición, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Malia ó anterior, aplicaranse ós créditos do Presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

a) As que resultan da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións por conta do Presuposto xeral.

b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, logo da incorporación dos correspondentes créditos.

c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, relativas ó recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para o exercicio 2017, o nivel de vinculación xurídica dos créditos do Presuposto do organismo autónomo " Padroado Cultural de Lalín", será o seguinte:

- Clasificación por programas: Área de gasto.
- Clasificación económica: Capítulo.

No que se refire á escala de vinculación xurídica dos créditos do Presuposto da propia entidade local, este establécese de acordo coas seguintes regras:

- a) A escala da clasificación orgánica: primeiro e único nivel.
- b) A escala de área de gasto e capítulo os créditos incluídos nos capítulos I (Gastos de Persoal), III (Gastos financeiros) e IX (Pasivos financeiros).
- c) A escala de grupo de programas e capítulo os créditos incluídos nos capítulos II (Gastos en bens correntes e servizos), IV (Transferencias correntes), VI (Investimentos reais), e VII (Transferencias de capital).

Malia o anterior, os créditos previstos para os proxectos de gastos que figuran no anexo de Investimentos do Presuposto cun financiamento afectado, entenderanse vinculantes en si mesmos.”

**Terceiro.-** Que este expediente de modificación do orzamento e das súas Bases de Execución, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do artigo 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Cuarto.-** Este expediente de modificación do Orzamento considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

#### **6.- EXPEDIENTE 2740/2018. EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 8/2018.-**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Facenda, de data 15/05/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 21 de maio de 2018.**

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.** O expediente trata dun recoñecemento de crédito. As empresas fixeron o traballo xa está feito e ten a conformidade do concelleiros. Ten un fundamento técnico e político. Acepto a Intervención. Fixen sempre algo ou procedente, non proceder seguir facendo isto. Un problema creo o expediente. A Intervención ten que estudar se se poden modificar as bases. Hai que actuar así. Pronto teremos o informe de Intervención con vosoutros. Deste ía indicar a Xunta de Goberno recomendando demostre clara maría. Traer correccións cos técnicos. A Competencia osténtaa o Pleno.

**D. Jose Antonio Rodríguez Fernández.** Agradece a Teresa O que comentaches isto. É un tema económico voso. Salvar primeiro e fun execución gasto carlo motivos. Non mil interpretación cambio, operación interna. Entendemos nós 3 anos e observamos Intervencións día a día claramente intervención sempre indebido Administración local eran vostedes encargado. Sorprende 3 cantos cambiou a interpretación da Xunta de Goberno intervención solventa o gasto que segue normas de contestación.

Plantexar antes o cambio. As situacións danse. Non acuso de gnado. Gasto determinado e van rachar isto. O acordo é de vostede e a disposición de gastos. Relaxante acordo a terceiros. Se colle RD 500/1990, respecto expediente autorización e disposición, falta ordenación de pagos.

**D. Fidel García Martull.** O expediente de recoñecemento de créditos é competencia do Pleno.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Disposición e consignación mal posición.

**D. Fidel García Martull.** Con mesmo anuladas bases. Normalmente faise a autorización e a disposición separadamente. Nos contratos menores van xuntas.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Si 5 artigo. O gasto non segue as normas de contratación. En base ao que antes dixen, Base 15 que hai que cambiar. Deste xeito así axilizamos o tramite administrativo e o goberno que está en minoría poderá cambiaralo. Xa acordado a fase a máis a fase de do art. 56. O seu grupo vai votar non a esta proposta.

**D. Juan José Cruz García.** É unha coña dicir que todo se fixo ten. Temos aprobada a relación presentada de Intervención coa máxima competencia. O goberno pode reafirmar a culpa e pedirlle perdón. Costa moito vide aquí a responder, seguir a incumprir e a descargar nos demais. Primeiro tedes que pedir perdón aos lalinenses. Os erros recoñécense. Os erros son de responsabilidade do goberno, que quere pedir informes. Eu vou pedir que se fagan informes. Claro edil non adscrito. Eu son de trato serio detrás. Son un home que vai de fronte, de a Balouta. Juan Cruz axuda a difundir a trama publica. Se tiven un problema coa Intervención, a primeira vez, se se di que tiven un problema con Intervención con Marta Oviedo que o diga e eu voume e dimito como edil. Mentres vostede afirma iso, eu invitou a un churrasco e ao mellor deixo o cargo. Mentres vostede non se xustifica, descúlpese. Non se me trata de comparar co PP, nin con Rafael Cuíña. El non saíu como amigo de Pablo Crespo, o amigo da trama Gurtel. Teño medo. Quere que Cuíña pida perdón aos lalinenses. Ten un cerco de intereses ao seu redor, pero eu son libre de elixir aos amigos.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Asusta discernir e ver o que di.

**Sendo as 09:40 horas auséntase da sesión o Concelleiro D. José Antonio Varela Quintela (PP), quedando o grupo popular con 9 membros e sendo 20 o de asistentes.**

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívoase o seguinte resultado:

*Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*

*Votos en contra: dez (10), sendo nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Abstencións: ningunha.*

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación o expediente, por existir empate de votos na primeira, obtívoase o seguinte resultado:

*Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*

*Votos en contra: dez (10), sendo nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **CO VOTO DE CALIDADE DA PRESIDENCIA, APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

Visto o informe do Sr. Interventor do Concello de Lalín, de data 15/05/2018, que se transcribe de seguido:

*“Examinada a proposta que eleva a concelleira delegada de Facenda que a continuación se indica sobre a validación das facturas que se relacionan.*

*Logo de ver o disposto no art.173 do R.D.L.2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, no que se establece que “as obridas de pagamento serán esixibles á Facenda Local cando resulten da execución dos seus respectivos presupostos ou de sentenza xudicial firme”. Non obstante, as normas orzamentarias e a xurisprudencia reiterada declaran a obriga da administración de facer fronte ás obrigas adquiridas á marxe do procedemento legal co fin de evitar o enriquecemento inxusto. Neste senso, o artigo 22.2 c) e o artigo 60.5 do R.D. 500/1990 establecen a posibilidade de recoñecemento extraxudicial de crédito, sendo a competencia do alcalde “sempre que exista crédito orzamentario”. Mediante Decreto de 29 de xuño de 2015 (BOP, 15 de xullo de 2015) o alcalde delegou esta competencia na Xunta de Goberno Local.*

*Logo de ver o establecido na base nº 15 de execución do orzamento, corresponderalle ó Pleno da Corporación o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria no exercicio no que se realizou o*

gasto, ou cando existira, se se realizaron estes sen someterse ó procedemento xeral de contratación. Fóra destes supostos, o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle á Xunta de Goberno Local, logo da incoación do expediente polo concelleiro delegado de Facenda, informo favorablemente:

1º.- O recoñecemento extraxudicial dos seguintes gastos por importe total de dezaseis mil catrocentos setenta e dous e sesenta e oito céntimos (11.957,63 €).

**Relación número 00025**

**Área de Vías, Educación, Saúde Pública, Novas Tecnoloxías, Instalacións Deportivas, Benestar Social.**

<b>Proveedor</b>	<b>N.º Factura</b>	<b>Importe</b>	<b>Data Factura</b>	<b>Data Rexistro Xeral</b>	<b>Motivo (*)</b>
Galp Energia España, S.A.	1320362738	1.367,82	28-03-2018	10-04-2018	c
Segurcaixa Adeslas, S.A. de Seguros y Reaseguros	001872-0418-03660399	1.825,60	01-04-2018	16-04-2018	c
Microdeza Informática, S.L.N.E.	211	138,80	17-04-2018	17-04-2018	c
Microdeza Informática, S.L.N.E.	212	41,95	17-04-2018	17-04-2018	c
Respsol Comercial de Productos Petrolíferos, S.A.	598	12,64	31-03-2018	18-04-2018	c
LalinforSistemas, S.L.	5499	166,79	19-04-2018	19-04-2018	c
Galp Energía, S.A.	1320366480	2.721,96	17-04-2018	17-04-2018	c
Solarel, S.L.	1032	113,56	23-03-2018	16-04-2018	c
Solarel, S.L.	1045	2.756,43	11-04-2018	16-04-2018	c
Solarel, S.L.	1036	408,74	02-04-2018	16-04-2018	c
Solarel, S.L.	1046	312,61	11-04-2018	16-04-2018	c
Solarel, S.L.	1040	38,59	05-04-2018	16-04-2018	c
Solarel, S.L.	1039	590,86	04-04-2018	16-04-2018	c
Solarel, S.L.	1037	1.188,46	16-04-2018	16-04-2018	c
Solarel, S.L.	1038	269,57	04-04-2018	16-04-2018	c
Gas Natural	RE18137	3,25	04-02-2018	24-03-2018	c, e

S.U.R. SDG, S.A.	00000417 1				
<b>Total</b>		<b>11.957,63</b>			

**(\*) NOTA:**

**Motivo do reparo (artigo 216.2 TRLFL):**

- (a) **Cando se basee na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa axeitado.**
- (b) **Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.**
- (c) **Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.**
- (d) **Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.**
- (e) **Gastos de exercicios pechados**

**2º.- Réxime dos reparos.**

Regúlanse nos artigos 215 ao 218 do R.D.Legislativo 2/2004, de 4 de marzo, sendo, en síntese os seguintes:

*Se no exercicio da función interventora o órgano interventor manifestácese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou da resolución.*

*Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigas ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:*

- a) *Cando se basee na insuficiencia de crédito ou no proposto non sexa axeitado.*
- b) *Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.*
- c) *Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.*
- d) *Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.*

*Se emitido o reparo, o órgano a que lle afecte non estea dacordo con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución, executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.*

*Polo anterior, emítase o preceptivo informe de reparo, consonte ao artigo 216.2. do R.D. Legislativo 2/2004, polo motivo arriba indicado.*

*Conforme ao artigo 217.2 do TRLFL, corresponde ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:*

- a) *Baséense en insuficiencia ou inadecuación de crédito.*
- b) *Refíranse as obrigas ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.*

*Os gastos realizados sen contrato, e que se repitan periodicamente, esta Intervención entende que a competencia é do Pleno, de acordo coa Base 15. Aínda que a Lei di que este reparo é suspensivo e procede resolvelo ao Pleno, neste caso, no que a prestación está executada, debe anudarse o réxime dos reparos ao do recoñecemento*

*extraxudicial de créditos e ao principio do enriquecemento inxusto, polo que enténdese que non hai tramitación algunha que suspender nin discrepancia que resolver, de forma que, emitido o reparo, resta o recoñecemento extraxudicial do crédito polo órgano competente. Si que deberá suspenderse a execución de calquera gasto incurso nos motivos anteriores.”*

Como consecuencia da existencia de determinados gastos realizados:

1.- Non é posible imputalos ó orzamento do exercicio corrente debido ós principios de especialidade cuantitativa e temporal dos créditos e tendo en conta que existe unha obriga de proceder a recoñecer estes créditos pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da Administración.

2.- Noutros casos ,por omisión no expediente de requisitos ou falta de trámites esenciais, é polo que presento o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 08/2018 por importe total de 11.957,63 €.

Tendo en conta que por parte deste Concello se debe considerar necesario proceder ó recoñecemento extraxudicial co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que efectivamente se trata de gastos prestados ó Concello durante o ano 2016 e 2018.

De acordo coa Base 15 do presuposto de 2017 e prorrogado para 2018 que di : O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria no exercicio no que se realizou o gasto, ou cando existira, se se realizaron estes sen someterse ó **procedemento xeral de contratación**. Fóra destes supostos, o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle á Xunta de Goberno Local, logo da incoación do expediente polo concelleiro delegado de Facenda.

*Tendo en conta a disparidade da parte dispositiva da proposta da Alcaldía e da outra proposta da Alcaldía recollida no informe de Intervención, considérase por esta Secretaría que o acordo procedente é a proposta segunda.*

Xa que logo, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** Levantar o reparo correspondente ás facturas que se indican.

**Segundo.-** Proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de **11.957,63 €**, segundo a relación que acompaña á proposta (Relación nº 00025: 11.957,63 €).

Texto	N.I.F.	Razón social interesado	Núm Fac.	Data Fac.	Importe €
ENERXÍA ELECTRICA -	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	RE18137000004171	04/02/2018	3,25

AP LUG CORRIGATOS

31-08/3-9-16



GAS PROPANO PARA GALESCOLA POLÍGONO	A28559573	GALP ENERGIA ESPAÑA, S.A.U.	1320362738	28/03/2018	1367,82000,
REPOSICIÓN LUMINARIAS EN COLEXIO DE PRADO.	B36362887	SOLAREL S.L.	1037	16/04/2018	1188,46000,
REPARACIÓNS NO AUDITORIO VILATUXE	B36362887	SOLAREL S.L.	1038	04/04/2018	269,57
REPARACIÓNS EN GALIÑA AZUL POLÍGONO	B36362887	SOLAREL S.L.	1039	04/04/2018	590,86
REPARACIONES EN GALIÑA AZUL PONTIÑAS	B36362887	SOLAREL S.L.	1040	05/04/2018	38,59
REPARACIÓN AVARÍAS ELÉCTR.EN PAVILLON MUNICIPAL.	B36362887	SOLAREL S.L.	1032	23/03/2018	113,56
REPARACIÓNS EN CAMPO FUTBOL MANUEL ANXO CORTIZO.	B36362887	SOLAREL S.L.	1045	11/04/2018	275643,00000,
ARRANXOS CAMPO FÚTBOL MANUEL ANXO CORTIZO.	B36362887	SOLAREL S.L.	1036	02/04/2018	408,74
REPARACIÓNS EN COLEXIO XESUS GOLMAR	B36362887	SOLAREL S.L.	1046	11/04/2018	312,61
ASISTENCIA MÉDICA FUNCIONARIOS - ABRIL 2018	A28011864	SEGURCAIXA ADESLAS S.A.	001872_0418_03660399	01/04/2018	182560,00000,
MATERIAL INFORMÁTICO NO INVENTARIABLE LALIN ARENA	B36551877	MICRODEZA INFORMATICA S.L.N.E.	211	17/04/2018	138,80
MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	B36551877	MICRODEZA INFORMATICA S.L.N.E.	212	17/04/2018	41,95
GAS PROPANO COMERCIAL AULA UNED	A28559573	GALP ENERGIA ESPAÑA, S.A.U.	1320366480	17/04/2018	272196,00000,
EFITEC PARA VIAS E OBRAS	A80298839	REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLIFEROS S.A.	598	31/03/2018	12,64
MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	B27297654	LALINFOR SISTEMAS, S.L.	5499	19/04/2018	166,79
<b>TOTAL</b>					<b>11.957,63 €</b>

**Terceiro.-** Que se dea traslado da presente resolución á intervención municipal.

*Sendo as 09:54 horas auséntase da sesión o Sr. Interventor.*

**7.- EXPEDIENTE 1413/2018. COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE, APROBADA POLO PLENO NA SESIÓN CELEBRADA O 04 04 2018 E POSPOSTA POR ACORDO DO PLENO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 04 2018, PARA QUE OFREZA EXPLICACIÓNS E RESPOSTE ÁS PREGUNTAS SOBRE A PLANIFICACIÓN, TRAMITACIÓN, ACTUAL ESTADO E POSIBLES REPARACIÓNS DA DEPURADORA DE ZOBRA E OBRA EN DOADE.-**

O Señor Secretario deu conta do acordo adoptado na sesión plenaria celebrada o día 04/04/2018 polo que se aprobou a comparecencia obxecto deste expediente, posteriormente posposta na sesión celebrada o día 27/04/2018.

De seguido comezou a comparecencia do Sr. Alcalde.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Bos días a todos. Vostede non vai explicar nada Sr. Alcalde?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non responderei ás túas preguntas. Grazas.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Vistas as reportaxes da prensa e de ver as fotos en medios e nas redes sociais: En que estado que esta está hoxe a depuradora de Zobra?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Infórmolle a empresa que me informou. Nunha primeira vista non se observa danos graves mal funconamento depuradora. Si vallado. Segundo os técnicos non son graves. Das da zona ou algún gamberro que entrou alí, a facer fotos, non sei o que puido facer. Moi legal non pode ser. Está cercada a finca. Non o sei. Digo que esta depuradora cando se conecte está para funcionar. Require o valado o antes posible, porque entran vacas nos humidales, deterioran as tuberias e hai que recuperar os lodos flotantes. Substituir grava sucia por grava limpia. Detectadas vacas nos humidal e fan danos nos filtros. Para finalizar atacan as plantas. Farase en datas próximas: retirárianse varios meros cúbicos de grava sucia.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Non foi ver a una depuradora? Teñen que pedir informe á empresa?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si fun varias veces. Entón haina que arranxar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Empecei os estudos de dereito e non os rematei. Non por dicir nada sobre o tema porque non eu non son técnico de depuradora. Vostede sí. Seguramente

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Rogolle teña un pouco de respecto comigo e para min.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non o estou faltando ao respecto. Dime si sabe de depuradoras. Digo que non. Pide que o expliquen e digo que quen sabe delo. É o lóxico. Ben.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Visucalmente. Cree que podería entrar a funcionar xa sen ningún atranco como din na prensa?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si. O que me din os técnicos e que si, sen ningún problema, retirando a grava e facendo outras cousas. A obra está fora de garantía. Escoitei en prensa que vostedes estaban escandalizados polas plantas. Que canto ian custar. O explicou eu ou a concelleira?. Isto ten custe cero. Esa preocupación sobre as plantas...É é igual a cero. A resposta é que ten custe cero.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Perdón que insista. Creo que vostede non leu nin a Memoria nin o Proxecto. A memoria di que podense usar plantas de río, pero a plantación de plantuclas de viveiro dan bo resultado e cobertura vexetal, pero son máis caras. Di que deben ser de viveiro. Tamén funcionan as plantas de rizomas doutras zonas e doutros humidais. Coñece o custe?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Cero. Explicou eu e logo Celia. Quero aclarar. Dirixo eu o pleno.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Quen comparece é vostede.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Dirixo eu o Pleno.

**D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés.** Bos días. Alí o que se pretendía desde o principio era poñer plantas de viveiro, pero vendo as plantas na zona, río abaixo, con o xuncos ou o lirios que nacen alí, e lirio traiano de viveiro, os técnicos que informaran a depuradora fomos a ver o río desde o principio, dixo que se podían trasladar e plantar e que se mimetizaban mellor, sendo o mesmo ecosistema e mesmas plantas do humidal, ao ser igual este rico en plantas. Contabamos desde o principio con poñer plantas da zona. Por isto.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Na memoria....

**D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés.** Si na memoria, ao principio eles están acostumeados a estas depuradoras e a poñer plantas de viveiro. Vendo que tiñamos xuncos, lirio, padana e hai de todo, quedaría moito mellor e máis mimetizado. Non se distinguía da zona de humidal, desde o principio. Esta concelleira sei que o pediu, que puxeran plantas da zona.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** A Memoria fala de plantas de viveiro. Cando se realiza a plantación de celdas, xa deben ter auga. Como se explica que estaban sen auga?

**D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés.** Estaba co proxecto da Deputación ao principio. Cando veñen e está terminada a obra, esixen que teñan plantas. Sabendo tristemente que non están feitas as conexións, había que poñelas, sabendo que ían morrer.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Estás recoñecendo que fixeron a casa empezando polo tellado?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O lóxico era primeiro ter as cañerías de saneamento e logo a depuradora. É a lóxica. Nos levamos moito tempo negociando coa comunidade de montes facer isto. Si, o lóxico era iso. Pero non quedou mais remedio de facelo así. É certo, non lle doen prendas en admitilo. É así. A depuradora está en bo estado, dixo á empresa. Onte houbo a apertura de sobres da mesa contratación con dezaioito ofertas cos prezos. Seguramene, os veciños de Zobra empezarán pronto a disfrutar da obra. O lóxico era a primeira fase e logo a segunda. As plicas están abertas e vaise acelerar definitivamente. Entendo que é a política. Entendo que se me boten culpas cando non as teño e cando non as teño, como neste caso. Como sempre se me acusa a mi de estar detrás de todo. Se nos acusa de estar mentindo en prensa, ou que os veciños dicían que non tiñamos os terreos o dous de outubro. Con datas posteriores están os escritos firmados polos veciños. O dez de outubro. Dicían na prensa que mentían os veciños ou eu, e que tiñan máis tendencia a creer aos veciños. O dez de outubro están firmados. Ao mellor é dalgún veciño que tiña o compromiso de ceder e que non quixo. Os terreos están firmados dende o dez de outubro

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Que haxa plantas sen auga? Esixen por plantas?. Hai que plantar?.

**D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés.** A subvención para a depuradora está terminada.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Neste casos. Garantízanos que non haberá custe algún?

**Cuíña.a Gamberro entrar fotos. Moi legal non debe ser. Cercada parcela. Non sabe quen as fixo. Si lle gtransmito está para funconar.**

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Non fai falta entrar na instalación e ver a desfeita. Recoñece que a planificación desta infraestrutura non foi a idónea?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non planificación si. A execución non saíu ben. Loxico o que ti dis; as circunstancias son as que foron. Un pouco é discutible. Cansaronse na radio dicindo que algún veciño di que non temos os terreos. O día 10-10, mentres estaba eu. Os datos din que están cedidos. Non tiñan información ou non saben o que querían.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Onte houbo apertura de plicas. Hai dezaioito ofertas puxaron. Non está mal.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Serán as que se presentaron?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É evidente.,

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Van dar servizo a todas as casas do núcleo?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non sei. As que están no proxecto.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Pero non están todas?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non o sei; segundo o proxecto. As que non están na primeira fase non; na segunda ao mellor si que van. Recoñezo que non teño ese dato.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Si non lles dan servizo, o problema tédeo; Por que é? Por que non lle dan terreos? Por discriminación? Cónstalle que quedan casas sen servizo?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Nós non contamos as casas que quedan sen servizo.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Facer servizo a unhas casa o logo non continuar?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non sei si vostede o facían?.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Moita experiencia non ten. Non fixeron ningunha canalización.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non temos experiencia en saneamento. Si escoitamos moito aos veciños dicir: ata esta casa si. Diso vostede sabe mais ca min.

**D. Miguel Medela Dobarro.** Pode pasar. Lembra que en Vilatuxe todas menos dúas casas tiveron servizo. Unha das casas que non ten alcantarillado e foi o que deixou pasar o saneamento polas súas fincas.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Pero vostedes non eran os que ían solucionar todo?.

**D. Miguel Medela Dobarro.** Hai cousas difíceis de solucionar.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Dáme a sensación de que te molesta que fagamos o saneamento da zona.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Todo o contrario. Levan dous anos para facer as canalizacións. A garantía da depuradora rematou en marzo. Veremos cando acaba a obra. Veremos cando acaban a obra con a canalización a todos. Cando rematará a obra?

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** O procedemento e os prazos non os pon o Alcalde. A cousa vai bastante rápida. Están marcados os prazos na lei. Logo a obra irá rápida.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Cando poderán ter servizo?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non o sei. Para a súa satisfacción pronto. Vostede foi concelleiro do rural e a veces atopas pedra. Agardemos que non sexa así.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Pedra si, seguro.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Estivemos mirando na zona de Castelo, e é especialmente complicado porque hai moitísima pedra. Entendo que vostedes non fixeron o saneamento nalgunha zonas por dificultades técnicas. É fácil facelo noutros sitios. En Zobra non era facil.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Fixémolo, pero había demanda e nós tiñamos cartos para facelos e fixémolo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, demanda nalgúns sitios, non. En Barcia empezaron outros e tiñan demanda. A todo non se chega.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Pedimos axilizar canto antes o tema. Que lle busquen solucións.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Nós somos os máximos interesados en vender políticamente esta obra e o antes posible. Non dubide, como farin bostede.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Pide que busquen solucións a eses veciños ou a outros posibles veciños para que non queden sen servizo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non o dubidades.

#### OBRA DO MURO DE DOADE.-

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Non vai facer exposición. Pregunta e contesta....?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pregunte e con moito gusto responderei. Fagooo con toda educación. Non terá queixa.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Pediríamos que explique por que a día hoxe obra están obras sen executar?

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** A ver se i pode facelo sen citar o PP?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Iso é trampa, algo tiveches que ver no escrito.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Que algo tivermos que ver.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Podo citar ao Secretario. Se lle me parece mal.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Preguntarlle a el, a Antonio.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Está sen facer. Segundo se aprobou estaba sen determinados permisos que tiña haber. Non o digo eu, dino o informe do Secretario. Non había cesión de terreos. Outro anexo di, tras recibir o seu escrito en xullo, di: Lalín

e a Lama, desplaceime ata alí presenciar execución do mesmo. O escrito do dito edil preguntante retrasou o expediente. Di: Por que non se aproveitou o total da cesión?. Pero, que cesión? Se non había cesión.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Quen responde é vostede, quen comparece é vostede.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Unha figura gramatical. Estou preguntándome a mi mesmo. O escrito 22 de xullo, firmado por vostede non se aprobou. Pregúntome a min mesmo: que cesión, se non había?. Cando aprobaron a obra en Xunta de Goberno, non habíai cesion meteron as palas e contrataron a obra sen cesión de veciños e sen informe de Patrimonio, que logo levaron a este problema. Seguramente se non metera este escrito a obra estaría feita. Vostede pediu cinco metros e os veciños querían cinco e non catro metros. Todo iso nun proxecto que fixeron vostede, sen cesion, en Xunta de Goberno a aprobación, sin permiso, nin de Patrimonio. Iso en termos que non quero describir ten un nome.

A política en época do meus pai, isto. Teño falado isto con Pepe Varela. Metíanse palas para adiante. Agora este tipo de cuestións teñen consecuencias. A consecuencia é que non puidemos facer a obra, que haberá que resolver o contrato, foi unha chapuza dende o seu inicio. Xa quixera eu facer obra, ter os permisos patrimonio, e infraestrutura seguen necesitando.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Empezando porque dixou que a culpa era do PP.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non dixen que a culpa era do PP. Estou falando que administrativamente a obra é unha chapuza. Vostede fala o 22 de xullo de cesión de terreos, pero de cesión de terreos non se fixo ningunha. Non consta cesión algunha. Xa me dirá como mete as palas sen cesión.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Cando se plantexa a obra, os técnicos non consideran necesario o permiso de Patrimonio. Sabe vostede cando se considera necesario o informe? O 27 de xullo de 2015. Xa era vostede Alcalde. Alí os técnicos consideran que era necesario contar co informe de Patrimonio.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Cando entrei eu como alcalde e os técnicos. Antes non dixeron nada de necesidade de informe. A culpa é dos técnicos. É curioso. Neste tipo de cuestións evidentemente quen ditaminan estas cousas son os técnicos. Os permisos os piden a burocracia do Concello, pero quen leva as cousas á Xunta de Goberno son os políticos. Se non hai a documentación necesaria os responsables son os técnicos, os políticos ou os dous. É curioso que entra o novo goberno e os técnicos de repente din que necesita o informe de Patrimonio. Bastante curioso.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Plan Concellos 2018. Ensenas dous papeis do Plan Concellos 2018. Cónstalle a vostede que se tramitaron a axudas á Deputación con todos os documentos que esixe o expediente?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Entendo que si. Repite.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Cónstalle que...

**D. Nicolás González Casares.** Están feitas as solicitudes. As obras non están aprobadas nin contratadas.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Como?. Enton que psaba cando nos gobernabamos; teñen distinta vara de medir. Poñen solicitudes de reforma da Praza da Vila e antes do catro de abril tiñan que ter un exemplar do proxecto técnico e os permisos e as autorizacións sectoriais.

**D. Nicolás González Casares.** É do Plan Concellos.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Teñen vostede autorización de Patrimonio para a reforma que solicitaron a Plaza da Vila?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** A obra non está nin contratada. Está ben que vostede intente desviar a atención do muro Doade. Non me estraña que lle preocupe. A min mo pode dicir.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Ten vostede distinto raseiro de medir. A que piden vostede ten falta de documentación e non pasa nada. Alí faltaba o informe de Patrimonio o 27 de xullo 2015.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Sobre a vara de medir. Non me consta que ningún proxecto deste goerno estea licitado e con contrato e que lle falten permisos. Vexo que na Xunta de Goberno, muro de Doade, aprobaron a obra sen ter os permisos. Is é unha irregularidade manifesta. Isto consultouse coa Deputación e asegúrolle que teñen a mesma opinión do tema. O nunca visto.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Destas solicitudes: teñen toda a documentación esixida pola Deputación?. Repite a pregunta

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Consta na obra a certificación contratada e executada?. Pode seguir desviando a cuestión. Isto é impepinable. Fixeches a obra sen ningún tipo de permiso e pérdese a subvención. Dino o Secretario, que foi aprobado en Xunta de Goberno. Isto ten un nome.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Non ter a documentación seria gravísimo segundo vostede?. Destas dúas obras non a hai.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Segue desviando a atención.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Sr. Secretario: pode certificar que nestas dúas peticións á Deputación hai toda a documentación exisida?

Sr. Secretario. Non teño o expediente aquí, a man.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** O día 8 de maio denos o prazo para o ver plan concellos. Nesta non figura nin proxecto, nin a documentación que teñen que mandar.



**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Vou preguntar. Dende cando punto de vista administrativo é legal que se pode entrar cunha pala en terreo privado, sen ter ningún tipo de cesión, e manifestando no propio texto dque é publico?

**D. Juan José Cruz García.** Vos fixéchelo e remataches. Dígoche onde entraches?. Recuaches, digocho eu?

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Comparece vostede.

**O Sr. Secretario.** Neste informe meu di que non consta ningún informe de ningún veciño ou particular que di que se lle ocupa ningún terreo.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Ai di que estaban cedidos os terreos?.

**Sr. Secretario.** Non hai ningún escrito de ningún veciño protestando ou reclamando que se lle están ocupando terreos. É un proxecto técnico complexo, contén 14-15 actuacións. O apartado técnico di o que sempre pon: que os terreos son camiños de titularidade municipal. Quería resaltar estes dous aspectos.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Pero non era neste caso. Non discuto eses dous aspectos. É evidente. Non consta a cesión de terreos.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Por que botaron para atrás a obra que ten os permisos para tramitar e acta replanteo que firmaron vostede?. Hai informe técnico? Por que pararon a obra? Hai algún informe técnico para parar a obra?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non me consta. Fíxena de motu propio. Eu estou detrás e todo. A morte de Carrero Blanco tamén é culpa miña.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Voulle ensinar Hai escritos firmados polo ex pedáneo de Doade, ex presidente da asociación de veciños de Doade, onde din que hai dispoñibilidade de terreos. A día de hoxe segue habendo dispoñibilidade de terreos.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** A data dese documento?

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** O 10 abril de 2018. A día de hoxe seguen dispoñendo.

**O Sr. Secretario.** Ese documento non consta no expediente.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Había unha cesión de palabra.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Onde consta no Concello?. Non entrampes. No expediente non está. Non entrampes. Hai algún, ao mellor estoume equivocando, seloo de rexistro que esta dicindo. Puido facelo esta mañá. Levántome e miro.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Podía dicilo dalgún documento meu.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vou ver. Levantouse e foi a mirar algún selo de rexistro. o asento do outro edil interveniente. Estou dicindo. Isto podes acabar de facelo agora mesmo e non hai selo do rexistro.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Eu non son Luis Madriñán.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pregunte a eses que asinaron o documento.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non dubidaba que veciños asinasen. Pido que ao mellor cera certificabas obra do teatro. Digo se hai algún selo de rexistro adxuntado ao expediente.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** A nós valíanos a palabra dos veciños.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Da tramitación administrativas pasaban por ahí. Quedou tan claro que nesta actuación pasaron de todos os procedementos.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Voulle dar exemplo práctico. En Prado fixeron vostede, e nós estamos de acordo, a ampliación do local social, a diferenza do muro de Doade.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu non a favor do muro de Doade?

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Dou por sentado que non. Sabe quen firmou a cesión en Prado?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sería o pedáneo...Está metido no expediente.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Aquí hai firmas dos veciños, e tiñan que firmar os veciños que son os propietarios. Escoite vostede. Eran os propietarios.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Teñen selos de rexistro no Concello?. Verdade que hai selos do rexistro do Concello?.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Ten o selo do Rexistro da Propiedade. É evidente non é o documento de Doade.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non tendes nada, podeste facelo en quince minutos.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** É de 1980.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É tan evidente que tiñan un concepto de facer as cousas administrativas, de facer as cousas como lles daba a gana. É tan evidente. Habendo un expediente, cun informe do Secretario, que di que non existía informe de Patrimonio, nin cesión de terreos.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Aplíquese o conto nas solicitudes deste ano, Sr. Cuíña.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Cando haxa circunstancias cambiantes, se quere volvo comparecer. Estou falando, respécteme.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Menudo exemplo da vostede.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Digo no de interupir. Eu non lle faltei ao respecto e coído que estou sendo correcto nas formas. Foron pillados como di a xente, “co carrito dos helados”. Dicitlle unha cousa, dende tempos inmemoriais sei que fixeron moito para os veciños, dende tempos inmemoriais. Comparece non porque se fixera unha obra, senón porque se perdeu unha subvención. Vostedes fixeron xestións dende moito tempo para sacar as cousas para os veciños. Non estou poñendo en dubida en cuestión a política que fixeron no rural. Estou poñendo en cuestión que me traian a min a comparecer por unha obra que é unha chapuza e na que se perde a subvención. Esta obra é necesaria para os veciños, pero, se hai que perder unha subvención por culpa de estar mal feito, non vou permitir obeten a culpa a quen non a ten e por algo que estaba mal feito. Non vou permitir que reprochen algo a quen non tivo a culpa. Se houbo outros episodios antes por cousas que había que facer aos veciños, nunca lle fixeron comparecer a vostede por isto, por perder unha subvención. Aquí a culpa en orixe é vosa.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Dende cando teñen o permiso de Patrimonio para facer estas obras?. Quere que llo diga eu? Dende o 3 abril de 2016.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Exacto. O permiso de Patrimonio chegou cando xa estabamos gobernando nós. Xa estaba o muro paralizado e a obra?.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Si.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non se está dando conta que me está dando a razón?, Me está dicindo que chegou o permiso de Patrimonio?. Que non pediron nada?. Por certo, Miguel entendo que o da que auga chegou estes días. O do tanque de Botos chegou estes días. Nin se cederon os terreos. Había outras actuacións máis,

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Debe saber vostede.

**D. Juan José Cruz García.** En Botos meteu a pala e: quen tivo que volver tapar?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Sr. Cruz: Haga el favor de no hablar. Teño que cambiar do galego ao castelán permanentemente.

**D. Juan José Cruz García.** En Botos vostede fixeron exactamente o mesmo. Non había nin cesión de terreos, nin había permiso Augas de Galicia.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** A semana pasada. Miguel: cando chegou?.

**D. Miguel Medela Dobarro.** Chegou a semana pasada.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Vostede sabe se poden tramitar ao mesmo tempo as solicitudes e os permisos?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sabes que os collemos nesta cousa. Se non, non sacariamos nada disto. A culpa é dos demais.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Vosoutros podíades facer estas obras desde 2016, hai dous anos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mentira.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Se chegou o permiso en abril de 2016 porque non a fixeron?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Estoulle dicindo que se realizou e non tiña permiso.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Desde o 13 de abril de 2016 a de Patrimonio si. Non se podee levantar a paralización? Un ano despois a obra está paralizada.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Algo evidente, toda mañá.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Por que deixaron perder a subención e non intentaron cambiala?. Deu a data da publicación no BOP. En caso de que se poida?. Leu textualmente. Se hai algún impedimento administrativo para solicitar o cambio?. Por que non fixeron o cambio?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Porque evidentemente ata o ultimo minuto o intentamos. Tiñamos a presión veciñal. Non sabíamos para facer o muro se continuar coas pedras, tirar ouna parte ou non semellantes da Igrexa, e ata o ultimo minuto intentamos solventar o problema aos veciños, porque non se podían facer pola chapuza administrativa que vostede fixeron.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Sabe o que pensamos nós ou o que penso eu?. Que vostede non está facendo a obra e con isto quere botarnos a culpa a nós. Queren dicir que non están facendo obra e a culpa era destes...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Era iso. Era xusto iso.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Tiñan os terreos, as autorizacións pertinentes e os cartos. Acabo de relatar. Seguen tendo a autorización dos terreos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non estou dicindo iso. O 12 abril temos a autorización de Patrimonio. A cesión dos veciños non a temos. Onde?. Nas túas mans figura?. Pregunta retórica: figura nalgún sitio?. Voulle preguntar e facer un favor ao Sr. Secretario. Pídolle que me conteste: consta algún documento de cesión de terreos por parte da asociación e dos veciños que entrase rexistro concello incorporado ao expediente do muro Doade?, Si ou non?

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Pregunte ao propietario se había ou non cesión. Se que se leva ben co fillo do propietario. Pregunto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sr. Secretario: consta que había algunha cesión incorporada ao expediente? Si ou non?.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Pregunte ao Secretario. Pregunte ao pai do rapaz, ese con que se leva ben.

O Sr. Secretario. No expediente non consta ningún documento de ningún veciño que diga que esteamos invadindo a propiedade privada.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Acabáramos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non dixen iso. Preguntei se había algunha cesión de terreos que entrase polo rexistro?.

O Sr. Secretario. No expediente non consta nada iso.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ese papeliño puido facelo hai media hora.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Por que non fixo a obra?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non se fixo porque falta a cesión. Non é botarse a culpa. Se non tes a autorización de Patrimonio, non tes a solución administrativa. Ti tes experiencia en cousas dos veciños sen ningún tipo de premios, no tanque Botos e muro Doade. Ten mais experiencia ca nos.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** E que me di vostede disto, das solicitudes da Praza da Vila ou pontae de..?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa mo dixo e toda a mañá. Contestou o tenene de alcalde.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Están prexudicando aos veciños e a toda a parroquia non só de Doade. Ten pensado facer o muro?. Cando?. Por que non o meteu no plan concellos 2018? .

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gustaríame, pero cando se poda facer desde o punto de vista administrativo.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Cando?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Cando se poida. Hai que resolver o contrato coa empresa. Ti o sabes. Parece que me estás vacilando?.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Vanse quedar os veciños sen facer o muro?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É culpa túa, basicamente túa e sábeo todo o mundo; pasaste da normativa administrativa.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Levan dous anos. Ten o permiso, os cartos

e os terreos.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Pensabas que eras o chérif do rural e despois resulta que hai que perder...

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Retire iso. Retire iso. Non procede.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Retiro e continuo. Vostede era o responsable do rural. Pasou de todos os procedementos. Se non fora por ese escrito seu, estaba solucionado; con catro metros estaba feito. Dixéronche dous ou tres veciños lexitimamente, que non querían os catro metros do proxecto e pediches cinco.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Os veciños deron a autorización e o dono para ocupar o terreo necesario para que se cruzaran dous coches.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Aquí tes o teu escrito, de pasar de 4 a 5 metros.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** O señor autorizou que cruzaran dous vehículos pequenos cun ancho de cinco metros.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Por que fixeches para catro no proxecto, cando se necesitaban cinco?. Estou de acordo en que facían falta con cinco.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** A obra empezouna vostede.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Empeceina eu?. Co proxecto empeceina eu con catro metros?.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** De verdade, empezaches ti a obra. Sabes o que pas?. Que ninguneaches ao director de obra.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Agora ninguneei ao director de obra. É de traca. Na data de 24 abril de 2015 iníciase todo isto.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** O proceso de contratación?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Claro. No proceso de contratación habería un proxecto. Catro metros verdade?

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** O 27 de 6 de 2015 está asinada a acta de replanteo, cando vostede éra xa alcalde.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Antes non alertaron e cando foi o recambio de goberno non dixeron nada.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** A acta de replanteo firmouna vostede.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Na acta de replanteo ten catro metros.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Non mirou o proxecto?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Se empezas a contratación sen ver o proxecto...

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Vostede veu o proxecto disto?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non. Vin o do muro de Doade.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Os veciños solicitan que se faga xa o muro.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, o sei.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** A verdade é que levan perdidos catrocentos mil euros no rural.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Algúns perdían un millón de euros no parking.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Seguen perdendo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Emocioname perder un millóns no parking.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Faga o muro; póñanse pilas. Ten os cartos e o permiso de Patrimonio e dos veciños. Faga o muro.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Recomendolle modestamente, Dios non queira que teña actuación de goberno, que respecte os procedementos e que pida os permisos necesarios. Entende que as veces para sacar as cousas veciños hai que estar non limite dalgunha cousas.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Aplíquese o conto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Entende que a veces hai que ir ao limite para poder sacar as cousas. Concordo niso con vostede. Insisto en que non sacaría este tema se non me fan comparecer por algo que evidentemente este goberno non ten culpa. Doutras si; pero disto non ten culpa.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Entón? A autorización de Patrimonio é de 2016. Xa tiña xa que ter a obra feita?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Viñeron aquí de campións e leváronas. O informe do Secretario é demoledor, de como facían as cousas sen ningún tipo de tramitación administrativa, cando menos necesaria para sacar as cousas. Volvemos ao mesmo.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Hai algunha documentación destas solicitudes. Sr. Secretario?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Fin da comparecencia.

**D. Juan José Cruz García.** Co máximo respecto, se Antonio rematou. Respecto. Antonio: remataches? Ben é sabido que dende que eu pasei a ser edil non adscrito perdín que me axudasen porque non estou á altura de estar en todas as

temáticas que se abordan nun Concello. Teño que asesorarme cun grupo de asesores. Antonio: eu tamén o fago extensible e quero felicitarte porque sacaches as cores a Cuíña, alguén que te tratou e te ninguneo.

**D. Juan José Cruz García.** A comparecencia, os guiños e os bicos veñén despois. Non é culpa vosa Antonio.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Preguntas e eu contesto.

**D. Juan José Cruz García.** Cando escribas en galego en facebook tes erros ortográficos cometiste, te os envío en privado. E logo estás dicindo a outros que non saben escribir. Ten coidado coa lingua e os erros ortográficos. Eu ao mellor vou como Paig, ou quedo na casa a escribir cancións.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Rivera vaiche chamar a atención. Eu teño un bo concepto de Luis Calvo. Non creo que tiña o mesmo de vostede.

**D. Juan José Cruz García.** Ti tranquilo, ti ao mellor as referencias ao non ter non responsabilidades goberno...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ten preguntas. Se non, retírolle a palabra.

**D. Juan José Cruz García.** Teño moitas preguntas. Voume tranquilizar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Hai tratamentos para esas cousas.

**D. Juan José Cruz García.** Non os vou empregar. Vou intentar empregar o sentido común.

**D. Juan José Cruz García.** Os técnicos da Deputación comprobaron que a depuradora funcionaba?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non. Non me consta.

**D. Juan José Cruz García.** Vostede sempre contesta da mesma forma. Aínda así, sen funcionar, pagouse a subvención? Aínda sen estar funcionando se pagou?. Entendo que non funcionaba.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Entendo que si. Pagouse. Entendo que si.

**D. Juan José Cruz García.** O Sr. Secretario que opina de que se pagara esa subvención? Ben, non voulle meterlle no lío. Sr. Alcalde: que opina diso, de pagar a subvención sen estar certificada obra?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non teño nada que contestar.

**D. Juan José Cruz García.** Sr. Secretario: que opina?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Esta é a comparecencia do Alcalde. Non é a do Secretario. Algunha pregunta máis?.



**D. Juan José Cruz García.** Vai quedar en evidencia que vostede non contesta. Sr. Alcalde: certificar a obra que non se pon en funcionamento é legal?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Só un analfabeto administrativo sabe que a certificación de obra é dun técnico, non dun político.

**D. Juan José Cruz García.** É legal ou non legal certificalo?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que máis?.

**D. Juan José Cruz García.** As manipulacións de Cuíña as temos que seguir sufrindo os veciños pola súa mala xestión e a perda da subvencións?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Espera que traduzo mentalmente. Entendo que non.

**D. Juan José Cruz García.** Moi ben.

**D. Juan José Cruz García.** Perderon a subvención porque non actuaron?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non.

**D. Juan José Cruz García.** Entón considera que actuou ben?. Mentiroso. Podían ter modificada e cambiada a subvención?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si.

**D. Juan José Cruz García.** Entón contradí a anterior resposta. Ademais de mentiroso é incoherente. Igual que me aconsellan a min tomar certos fármacos para poder dirixirme a vostede, aconséllolle que visite a algún especialista. Seguimos. Permiten as as bases modificar a subvención?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa foi contestada.

**D. Juan José Cruz García.** Como? Vostede ten mis morro que espalda. Trátame como se fora un ninguén.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Tu no eres nadie. Éres una person a la que no voto el pueblo de Lalín. Se a pregunta é se non és nadie? A resposta é si.

**D. Juan José Cruz García.** E ti és amigo de Pablo Crespo?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Y xabarín.

**D. Juan José Cruz García.** Podo preguntar iso? Tivestes tres anos para modificar a subvención?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non.

**D. Juan José Cruz García.** Non tiveses tres anos para modificar a

subvención? Sr. Secretario: Pódese certificar a obra en funcionamento?. É legal?.

O Sr. Secretario. As obras cando están feitas certifícanse. Se a obra está feita e certificada, hai que pagala. Non sei se a obra está feita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** As certificacións de obra páganse. Esta certificación de obra estaba feita.

**D. Juan José Cruz García.** Estaba feita?

O Sr. Secretario. Non se si se estaba feita.

**D. Juan José Cruz García.** Pídlle ao Secretario que axilice a externalización do infomre do contrato de ACCIONA ou que por exemplo o pida ao outro técnico da casa.

O Sr. Secretario. O informe de ACCIONA está feito e entregado a vostede.

**D. Juan José Cruz García.** Si. O informe xurídico si. Pero non o de a cuantificación. Vólvolle preguntar ao Secrario.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Para que pregunta ao Secretario?. Máis preguntas?.

**D. Juan José Cruz García.** É vostede amigo de Pablo Crespo?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ben, fin da comparecencia. Moitas grazas. Seguinte punto.

Con isto, deuse por rematada esta comparecencia.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** En voz baixa óese: Hijo de puta.

**8.- EXPEDIENTE 2253/2018. COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE APROBADA POLO PLENO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 04 2018 PARA OFRECER EXPLICACIÓNS E RESPONSTAR A PREGUNTAS SOBRE A TRAMITACIÓN DO PROXECTO DA PLANTA DE TRITURADO DE NEUMÁTICOS IMPULSADA POLA EMPRESA RACSO.-**

O Señor Secretario deu conta do acordo adoptado na sesión plenaria celebrada o día 27/04/2018 polo que se aprobou a comparecencia obxecto deste expediente.

De seguido comezou a comparecencia do Sr. Alcalde.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Nesta comparecencia nos partimos da base de que non nos creemos que a instalación de RACSO non estaba pactada sotto voce co Alcalde e co Tenente de Alcalde, porque ningunha empresa..

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Dixo pactada?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pido, a diferenza de Antonio, é que non me interrompa mentres fago a pregunta. Partimos da base de que estaba pactada a instalación de RACSo, porque ningunha empresa arriscar a este punto. A compra da parcela se non está pactada. Pido que non lle interrompa. Ningunha empresa chega ata ese punto. Unha empresa que compra unha parcela.....

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Preguntas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non interrompa.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A comparecencia son preguntas e respostas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É vostede un covarde.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pídlle que retire a expresión covarde. Dacordo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non a retiro; cámbioa por outra máis suave; pola de que vostede é un insensato. Vale. Dígolle que a min non me cabe na cabeza. Non son covardes; son demagogos. Non me cabe na cabeza que unha empresa, admite que pode equivocarse, pero non lle colle na cabeza que unha empresa faga un proxecto que lle custe cartos, que compre os terreos, que ten a sede social que lle custa cartos e que logo tramite o expediente durante dous anos...Isto sabíase con tempo. Non o creo. Cústame creelo. E vostede non saben nada de como dixeron nos medios comunicación como dixera a empresa.

Se ten unha xustificación, é difícil. Non sei se é unha empresa como esa que quería ubicarse aquí antes... Sei o que fixo conmigo o autor do proxecto. Teño costume de crelo, pero neste caso non o entendo. Esa empresa, cando eu era Alcalde, quería montarse no polígono Lalín 2000. Seino porque veu falar comigo. O arquitecto é o mesmo e falou comigo.

**D. Nicolás González Casares.** Non o entendín. Volve repetir a cousa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Unha empresa pode ser RACSO ou outra, non recordo o nome, quíxose instalar en Lalín 2000. Recordo que veu falar comigo, antes de facer nada, dicíndome hai unha nave no polígono que pode reunir condicións para triturar neumáticos. Eu diuxen descoñeza. Preguntou se se podía instalar. Eu remitino. Fíxose a consulta a un técnico e á Xunta de Galicia. Resultou que non se podía instalar na Terceira Fase e non se montou. Non fixo o proxecto e non cumpriu. Non me creo que ese señor mesmo sexa tan insensato, tras dous anos de información pública, cun proceso que leva como mínimo un ano, pero que leva dous..... Levamos asistindo a manobras continuas de distracción do Alcalde e do Tenente de Alcalde para eludir esa responsabilidade e intentala colar á Xunta de Galicia. Vostedes tentades colar isto á Xunta. Por iso facemos estas preguntas. No me creo mentiras.

**Sendo as 10:55 horas reincorpórase á sesión o Concelleiro D. José Antonio Varela Quintela (PP), quedando o grupo popular con 10 membros e sendo 21 o total de asistentes.**

**D. Xosé Crespo Iglesias** Non queren sufrir o desgaste, sotto voce moitos meses. Vostede e o tenente de alcalde deberían saber que eu o sei. Non sei porque o negan ata que se deron conta, ata que se montou o lío que se montou cos veciños. Non sei por que. Un veciño veu falar conmigo.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Fixo o preámbulo e vou contestar. Vostede di que estaba pactado. É mentira.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Que estaba falado.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Mentira. Absolutamente mentira. Dixo que me ía respectar. Mentira absoluta. Un día, se me quere escoitar, veu ao meu despacho o Tenente de Alcalde dicindo que había unha empresa que quería vir a Lalín a instalarse e queríame coñecer e reunirse comigo. Chega a xente expoñen o proxecto e dixeron non teño nada en contra, non sei se se pode poñer ou non; pero non teño nada en contra. Dixeron que había que ver o proceso para ver se se pode poñer. Chega diferentes informes da Xunta de Galicia, que está recollido aquí e logo no informe do Asesor Xurídico do 22-2-2018. Di que o proxecto da planta de reciclado e revalorización ao final da súa vida útil en Botos non é previsible que xenere impacto negaivo.

**D. Nicolás González Casares.** Salvador di que di o técnico. Igual.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Chega de Medio Ambiente que isto está correcto. Nos seguimos porque cremos que isto é correcto. En segundo lugar, despois de entrar un mes despois outra vez reunímonos con eles. Pero esta vez foi tamén cos pedáneos e fomos a León. Nunca máis reunímonos con esta xente, nin antes nin despois. O que di o PP son mentiras porque o descoñecían. O de enganar aos veciños é unha falacia semellante, unha mentira súa por mentira ou pordescoñecemento. Foi a proposta dos pedáneos. A empresa lles pode facilitar isto. Non foi nin a iniciativa do alcalde nin do tenente de alcalde, nin do goberno, nin da empresa; foi dos pedáneos que querían coñecer, nomeadamente como a de Botos, unha instalación semellante. Terceiro, a este goberno, a este goberno impórtalle e inflúe a posición dos veciños, e moito. Hai persoas que respectamos moitísimo. Porque non contestou alegación o Concello?. Sábeo como nós. O técnico estaba de baixa, non de vacacións. Cando se incorporou fixo unha serie de informes que nos leva a día de hoxe a non dar licenza. O goberno de Lalín o 5 de abril comunica que non se dan a as condicións para darlle a licenza a esta empresa. O PP o 15 de abril, dez días despois, o PP sae en prensa, e súmase aos veciños na súa postura e do goberno. Non sabe se mudaron de opinión. Hoxe se non teñen licenza, é porque hai risco coa empresa que se quere instalar. Este goberno ten o aval dos informes dos técnicos e non vai dar licenza se non se cumpren ás condicións. Non me quero expresar en termos de si permito ou non permito. Para a xente dicir que non estaba pactada. Dixo varias veces que vostede se sumaron á postura contra o goberno. A día de hoxe o goberno non vai dar licenza se non cumpre as condicións. Non está pactado. Di que eu tiña interese. Á xente non a coñecía de nada. É unha mentira e unha inxuria. Se ven unha empresa e crea cincocentos postos de traballo, non teño dúbidas, pero nin iso. Xa me entenderá. Xa me dirá porque ía ter eu un mínimo de interese nisto. Que intereses teño en que as empresas cumpran?.

**D. Nicolás González Casares.** Alusións. Eses acordos sotto voce e tal..nós.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Dixen o que pensaba, non que fora certo. A ver se é lóxico?

**D. Nicolás González Casares.** Os acordos son sotto voce.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non hai problema. Se quere tomamos vostede e eu un café coa persoa que mo dixo a min. E que mo diga a min diante de vostede o que dixo.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Si que me gustaría a min que me dixera iso que eu estaba informado e tiña intereses.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non hai problema.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Se non o aceptou o tenente alcalde, acepto eu. Se teño intereses ou o teño algo pactado. Encantado que o diga.

**D. Nicolás González Casares.** Faltaría máis que non se recibise á xente. Moitas persoas piden e saben o que facemos. Dicimos: vos facedes o que pensades. Se ven a empresa, axilizamos o tema, pero o primeiro que hai que facer é pasar polos técnicos. Aquí piden informe urbanístico sobre as condicións da marzo de 2016 de execución da parcela. De feito nin no propio informe urbanístico di a que se vai dedicar. Moitos informes de parcelas din o que se vai facer aí. O arquitecto colle e visto e emprazamento di as condicións da parcela, fai un corta e pego do PXOM coas condicións. Con este informe eles inician a tramitación, un informe urbanístico do PXOM. Logo supoño que pola actividade necesitará os preceptivos informes e empeza a tramitación. Aquí entrou como unha comunicación previa antes que a polémica e que os veciños se posicionaran. Sabe que se unha comunicaicón previa non se responde en quince días, o promotor pode iniciar obras. É un título habilitante. Este é o punto clave. Saben o que fixemos. Non deixamos pasar o prazo de quince días.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** É a clave. Con calar eses quince días, solucionado. Vos tedes a documentación. O Concello cando fai a comunicación previa de obras tiña quince días. Sabe que o promotor pode iniciar as obras?. Este é o punto clave. Sabe que fixemos? Que non deixamos pasar os 15 días.

**D. Nicolás González Casares.** Esta é a clave. Se tivésemos iso soto voce xa pactado, con calar nesas quince días estaba solucionado; pero paramos o procedemento.. A partires de aí empeza a tramitación real administrativa no Concello de Lalín. Antes non existía a tramitación administrativa. Hai informes técnicos. É o que temos. Coincido co Alcalde. ÇE Importnae a opinión dos veciños.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero Sr. Tenente de alcalde: con quen cree que fala?. En redes sociais defendes á empresa, desfaciase nilo denfendeno á empresa, qure quye llo recorede? Creeo que non leo as redes sociais. Cando empezou a polémica era un fervente un defensor da iniciativa e podémonos remitir ao que fixo vostede e a mesma con uñas e dentes. Logo emendou a plana e cambiou de opinión porque lle partiron os

dentes. Logo envainou.

**D. Nicolás González Casares.** O de partir os dentes escoiteino máis veces.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A vostede cónstalle unha soa declaración miña a favor da planta de RACSO? Unha soa? Cónstalle?.

Ou non?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A vostede cónstalle unicamente unha soa declaración en prensa miña a favor de RACSO? Unha soa? Cónstalle?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A min cónstame que vostede estaba ao tanto, pero non o dou demostrado.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Minte, minte.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A miña palabra contra a súa. Coido que minte, pero non pode demostralo. A empresa é tonta: gasta en terreos porque lle da a gaña,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Minte. Dixen que estaba e o coñecín un día no meu despacho....

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A empresa gasta moito. Non gasta en locais ou na sede e máis en proxecto?. Polo mentiroso compulsivo que é, non o creo nada. Un día di unha cousa e o segundo día di o contrario. Vostede minte máis que fala; é un mentiroso compulsivo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Totalmente minte. Xuro. Minte: as culpas son miñas. Mesmo da morte de Carrero Blanco eu son responsable.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non o creo, para nada

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xuro que a primeira vez que os vin foi un día no meu despacho e a segunda cos pedáneos e fin.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non mo xure. Non o creo para nada. Todo o que fixeron a cambio de nada?. Non estipularon nada?. Perde cartos a empresa?, Cartos e non gaña?. Pode....

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Reuníme un día co tenente de alcalde e a segunda cos pedáneos e fin. Sabe que estou dicindo a verdade.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Estou convencido totalmente que está mentindo. Debe ter un problema. Vostede debe pensar que somos parvos. Así que a cambio de nada, a empresa métese en proxectos...?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Minte. Estoulle mirando aos ollos. Se é o caso.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se non lle van dar licenza e van ao contencioso

contra o Concello porque perden cartos importantes, vostede, se gañan eles, terán que responder, xa que pode haber un prexuízo para Lalín. Non se preocupe que detrás virá quen aclarará moitas cousas. Se quere que vaia breve a diferenza de Antonio... Eu preguntou o que quero. Prégolle que responda ao que quero e vostede responde o que lle dea a gana, se quere que vai rápido. Vostede empezou...

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Unha cuestión. Cando lle digo que está mentindo é porque está mentindo, ou porque non se corresponde coa realidade. Dígollo mirando aos ollos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede non se da conta desde o punto de vista do que é a mentira.... Vostede non sabe o que significa a mentira.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Se empezara a falar diso, ardería Troya.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Troya ardeu hai moito tempo. Non me tire da lingua.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Deus meu.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non me tires da lingua. Tráteme de vostede. Non creo en ti.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Nin eu en vostede.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Tráteme de vostede. Non ve que eu non son igual que vostede. Non merece vostede ningún respecto. Tivo o poder de informar e non o fixo. Desde cando sabe o da empresa? Vostede non merece pola miña parte ningún respecto. Vostede tirou todo pola borda. Pregunta: Desde cando sabe da intención da empresa de instalarse en Lalín?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Desde que viñeron e logo desde o informe 2016. Eu sei deste tema dende o día que entraron no meu despacho e foi o informe urbanístico.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Perfecto desde 2016 sabíano, pero non dixeron nada ata que se montou no follón no DOG?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non había nada e porque non hai nada que dicir de si a empresa tiña intención de instalarse en Lalín. Logo empezaron os informes. Eu encantado, se cumpre urbanisticamente. Se ven unha empresa a instalarse, a min paréceme ben, e dígolle: mirade se podedes instalaos ou non; e dáme igual que sexa de RACSO que sexa Philips Morris. É o mesmo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É tan irresponsable que ven unha empresa empresa e antes de que gasten cartos non lle di: espera a gastar un montón de cartos e non lle di espere imos ver se se pode instalar e despois se mirará o dos cartos..

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non quere, sabe ou non me quere entender. Calquera das tres. Díxolle moi ben o tenente de Alcalde que: se tivésedes esas intencións perversas, e non teño trato co que fixo o proxecto: Só hola e adiós e non o coñecía de nada. Se tivésedes soto voche pactado o tema, con tal de non contestar

en quince días, estaba feito. Nos paralizamos o proceso. Paralizamos o proceso. A partir de aí non debería haber máis debate sobre este tema. O outro día veu outra empresa a falar comigo doutras cuestións, pola Praza de Abastos. Eu recibo a empresa e moitas grazas por intentar instalarse en Lalín e deixar os cartos. Imos ver se te podes instalar, igual que neste caso. Ten toda lóxica. Lémbrolle que son empresario. Dígolles: pois a ver si cumprides. Non lle vou dicir: Queremos triturar neumáticos. Ai non, non, iso é imposible, sen sabelo, hoxe iso é imposible, se pode urbanisticamente e ambientalmente, e se veñen co ok da Xunta de Galicia e xa me contará.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se temos que tragar co pulpo é un animal de compañía.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** O pulpo está moi caro ultimamente.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non é animal de compañía. Vostede quere facenolo tragar.

**D. Rafael Cuiña Aparicio** Do que lle acabo de explicar: que non ten lóxica aplastante?. A empresa se presenta, e logo hai que ver se cumpre. Non ten unha lóxica aplastante dilo?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** E a empresa compra os terreos, fai o proxecto de impacto ambiental...

**D. Nicolás González Casares.** Sabe se comprou os terreos?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se non os mercou, alí ten a sede social, ou concertada ou alugada a sede social.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** E tan de lóxica aplastante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Para vostede é lóxico.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Calquera que estea no mundo na empresa actúa así. Se eu quero montar unha empresa metalúrxica en Betanzos, o Concello terá que dicir: moitas grazas, como política e de entrada. A partir de aí verase se cumpre ou non, pero primeiro hai que tratala ben porque quero investir en Betanzos. É tan evidente.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É xusto o contrario. Non me interrompan. Como vostede dixo aos veciños que, se informaba favorablemente a Xunta de Galicia, non lle quedaba máis remedio que dar a licenza: Que quen ten competencias para dar a licenza a RACSO, si ou non. A Xunta de Galicia ou o Concello.?

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non é así. Hai moita xente dedicada a malmeter. Xa non perdo o tempo en que me crea. Teño a conciencia tranquila.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non perda o tempo. Non debía tela conciencia....

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Avaliado polos informes da Xunta de Galicia, co ok



nós poñémonos en marcha cos técnicos para ver se corresponde coa realidade. Se unha empresa desde o primeiro minuto cumpre con todo hai que darlle licenza. Non vai prevaricar. Hai que darlle licenza. Si está todo correcto, si. Si non, non. Os que din que está correcto son os da Xunta de Galicia; e os que din que non está correcto, o Concello. Isto é así.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se agora, se quere instalar unha nuclear en Lalín e cumpre todo, hai que darlle licenza?.

**D. Nicolás González Casares.** É un tema supramunicipal.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O exemplo non é bo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede tería que darlle licenza. Calquera empresa que trate residuos....

**D. Nicolás González Casares.** Como rodas, sen licenza durante cinco anos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Por que se agochou entón?. Sae no DOG e a vostede durante ese tempo, ates a Xunta de Galicia mándalle un escrito requirindo ao Concello de Lalín para alegar. Non o fan e nós contan a peregrina xustificación. Dille ao Concello que aleguen, o Concello non contesta e a explicación era que estaba de vacacións o técnico.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mentira.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Cal é a razón?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mentira. De baixa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Perfecto. De baixa..

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non é o mesmo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Chega a tramitación e non contestan. Nin sequera mandan un escrito á Xunta dicindo que non poden contestar porque o técnico que levaba o asunto estaba de baixa. Quéreme dicir que cando estea de baixa un técnico ou de vacacións alguén hai que paralizar o Concello? Quéreme dicir que non pode encargarse un informe externo? En todo caso cando hai un problema como este, de baixa, se non tes máis que un técnico: non se pode encargarse un informe externo como fixeron en temas tantas veces por temas infinitamente menos trascendentes?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Creo que é tan evidente. Nós non tiñamos ningún problema en contestar; de feito incorpórase o técnico e contestamos. Augas de Galicia a día de hoxe non contestou. Vexo que non quere contestar ao tenente de alcalde.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero quen comparece é vostede. Non sexa tan cómodo e tan demagogo. A oposición ten a obriga de controlar ao goberno e este, se quere, responde. Estoulle preguntando. Responda, se quere.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Deixe de meter habilidades dialécticas para dicir o que eu queira, utilizando a retórica. A min non me vai dicir vostede como teño que comparecer e como teño que contestar, que o teña claro. Contesta o que me da a gana e como e non lle vou contestar nos termos como lle interesaría a vostede, porque non se corresponde coa realidade. Parte da base que é unha mentira, de que eu teño intereses. Que é mentira.

Tiñamos o técnico de baixa, sempre por causas xustificadas. Temos moitos técnicos de baixa. Ralentizan cousas por causas xustificadas. Tan pronto como se incorporou o técnico, fixo os informes. Isto coñéceo vostede e a pesar dilo pon en dubida a situación. Insisto en que a clave de todo isto, podo dicilo cincuenta veces e vostede obvialo, é que nos frenamos o procedemento contestando á empresa. Co simple silencio, a empresa estaría instalándose a día de hoxe. Esta é a clave e a demostración palpable de que nos íamos mirar ata o último segundo a ver o que pasa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Apoiaron o proxecto nas redes sociais? Si ou non?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Unha soa declaración miña ao respecto; diga unha unha.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero o goberno son todos. Son catro grupos no goberno. Cando lles interesa son un e cando non, son todos lles convén.

**D. Rafael Cuíña Aparicio** De min non consta, o do tenente de alcalde non o sei. De min non consta nin a primeira. Nin unha. Non sei si do Tenente de Alcalde.

**D. Nicolás González Casares.** Aludíame a mi. .

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non alude a vostede. Non me contestou.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non. Dígame unha soa. Non hai nin unha soa defensa deste alcalde a ese proxecto.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Repregunta: Cando a Xunta de Galicia lle pediu un informe ou que contestasen ás alegacións e non respondeu, xustificano dicindo que o técnico estaba de baixa? Se é así, cal é o motivo para non encargardes un informe a unha empresa externa especializada homologada?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non sei nin que mandou un escrito a Xunta de Galicia e non sei. Chegan cincuenta mil historias.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Chega por conduto regulamentario e di que non sabía?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non. Estoulle dicindo que non. O técnico estaba de baixa. Se chega aquí o mínimo que teño que dicir ao técnico é: mira este tema ou o concelleiro delegado da área, a ver o que temos que contestar ou o que temos que facer ou que facer ou non. Insisto en que paralizamos o procedemento. Se calásenos, estaba xa todo en marcha. Fixémolo porque non se cumpren os requisitos para que se instale a empresa a día de hoxe, e porque nos inflúe moito a opinión dos veciños, sobre todo dos que saben deste tema, non como podo ser eu ou outros que teñen

conversas de taberna,s enón que saben do tema.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Resulta que non se enterou que a Xunta de Galicia lle pediu informe?. Non o podo entender. Cando chega o informe, o ben o Secretaría ou quen teña o cargo des materia non ten que informar ao alcalde ou concelleiro...?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Sabes que é certo. Esa pregunta non é para min.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Cando chega o escrito non llo dan?. E ven por conducto regulamentario?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Cando a Xunta de Galicia manda a resolución a min non me chega para ver si cumpre ou non. A min non me chega. E vostede estivo 26 anos de alcalde sabe que lle estou dicindo verdade.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Cando a Xunta de Galicia envía a resolución dicindo que en parte cumpre, en parte supoño que é porque tanto Augas de Galicia, como o Concello de Lalín como as asociacións ecoloxistas non mandaron ningún escrito á Consellería. Só mandou Patrimonio.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Augas de Galicia non mandou Xa informei antes.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** As asociacións ecoloxistas tampouco. Coido que Augas de Galicia non mandou o seu informe.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Preocúpame iso, o do Concello; o demáis non é asunto noso. Iso é o que a min me preocupa. Non me interroge vostede e responda. Por que o Concello non responde nada a Medio Ambiente?. Se mandara o Concello o informe que despois encargou e fixo o técnico, creo case seguro que Medio Ambiente probablemente non lle daría o informe favorable previo. M.Amb. Fixo infomre poruqe o Concello non dixo nada?. É como a pescadilla que se morde a cola.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** O Concello sabe un dato demoledor neste tema, demoledor. Esta empresa ven subvencionada polo Estado do PP. Ata estas horas ven subvencionada, non sei se con 300.000 € e hai que resolver. O Ministerio é do PP. Con varios centos de miles de euros dunha administración do PP, conta con informe dunha administración do PP que di que cumpre, e a única administración que di que non porque cumpre a día de hoxe é a nosa, non a do PP.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É increíble. O morro que ten! Con tal de disipar e de diluír ás túas responsabilidades como alcalde.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** É mentira as cousas que acabo de dicir?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Totalmente demagóxico.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non digo mentiras.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O Ministerio da unha subvención a quen queira instalarse. O Concello ten que dicir se cumpre ou non. Vostede confunde churras con

merinas. Calquera empresa ten dereito á subvención do Estado ou da Xunta de Galicia. Esa empresa pode ubicarse nun lugar ou noutro.

Debate e interrupcións constantes.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Paréceme moi ben esa técnica de vostede de botarlle sistematicamente a culpa aos demais. Hai unha subvención do Ministerio á calquera empresa, que non é responsable de ubicala. Esta é o Concello. Pido ao Alcalde que non eluda as súas responsabilidades.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non a dimos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Quere botarlle a culpa ao PP dicindo que o Ministerio deu unha subvención. A min que me importa iso? Que ten que ver coa licenza?. Logo, dicindo que a Xunta de Galicia non puxo obxección?. Por que non cumpriu co seu deber?. Desconfío de vostede porque o coñezo como se o parira. Vostede ao mellor non respondeu intencionadamente a iso. Asegurole que se o informe do técnico ou da empresa externa, pagado conforme pagaron outros informes menos importantes, se enviasen para alá, o informe da Xunta sería razoablemente distinto. Qu quede claro que é o Concello quen da a licenza. A subvención non ten nada que ver ou o informe.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Está vostede obsesionado comigo. Estou perplexo con isto.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Quen ten competencia para dar a licenza?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Hai liberdade dialéctica para que poida contestar, e eu podo comparecer como Alcalde. Vostede son oposición e eu goberno. Contesto como me da a gana. Non vou contestarlle a vostede como quere. Vostede parte da base de que nos temos algún tipo de interese. É mentira. O técnico estaba de baixa. Ultimamente os técnicos están de baixa e ralentizan as cousas. A clave de todo isto, e dígoo cincuenta veces, é que nos frenamos o procedemento contestando á empresa. Co simple silencio noso, hoxe a empresa estaría instalándose en Lalín. Esta é a clave de que o que digo se corresponde coa realidade. A empresa recibiu unha subvención do Estado sobre trescentos mil euros da administración do PP. O informe doutra administración do PP di que cumpre. A día de hoxe a única administración que di que a empresa non cumpre é a nosa. É mentira algunha cousa das que digo?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Nas redes sociais apoiaron o proxecto? Si ou non?

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** De min nin a primeira. Se non, xa a sacarían aquí. Está obsesionado; que fago e que non fago.

**D. Nicolás González Casares.** Estame aludindo a min.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non. Non me contestou.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Resulta tremendo escoitar a vostede dicir que non

se enterou cando a Xunta de Galicia lle remitiu ese informe.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Sabe que é certo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Chega o informe, Secretaría ou outro departamento non ten que informar e vai ao delegado da materia.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Esa pregunta ? Se non é para min.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Agora chega a pregunta.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Hai unha resolución x que di que en parte cumpre; mentres tanto nin Aguas de Galicia, nin o Concello de Lalín nin as asociacións ecoloxistas enviaron ningún escrito. Só enviou o informe Patrimonio.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Esa empresa a día de hoxe está subvencionada con 300.000 € do Ministerio de Enerxía, con centos miles euros, e é unha administración do PP. E a que ven con informe favorable e a que di que cumpre é outra administración do PP. A única administración que di que non cumpre e a nosa administración é o Concello.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É Incrible como trata de eludir o tema. É demagórico e mentira. O Estado e o Ministerio da unha subvención a calquera empresa que se queira instalar en España dunha maneira clara e nova. Quen di se cumpre é o Concello.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non estás dicindo a verdade.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Calquera empresa pode pedir a subvención. Deste tema: a ver se temos a culpa os demais!. O Ministerio non decide en que concello se vai instalar a empresa, porque non o sabe; dous a Xunta de Galicia non obedece ao Concello. Este ten que cumprir os seus deberes. Co informe e Xunta de Galicia o Concello da licenza.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Di que o Ministerio deu a subvención e logo a Xunta de Galicia non puxo obxección, porque de vostede, desconfío, porque o coñezo como se o parira. Ao mellor non respondeu intencionadamente a iso. Si podía responder con un informe doutro técnico ou dunha empresa externa: como fixeron outras veces que pagaron outros informes en asuntos menos importantes?. Probablemente se houbera, o informe sería razoablemente distinto. Que lle quede claro que é o Concello quen da ou non licenza. O que deran ou non deran a subvención o Ministerio, non ten nada que ver con este tema.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Tócame a min. Aludíame e como me coñece. Eu tamén a vostede o coñezo dende hai varios anos. Moito, moito.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Inda se non os coñeceramos tanto, sería mellor.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Ogallá temos sorte temos coa moción de censura en Madrid. Non se fía de min. Desconfía e coida que andei por detrás. Sabe

perfectamente que é unha mentira máis iso de que o sabían non quixeron contestar. Sábeo de sobra.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Por que o sei?. Sei o contrario

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** É capaz de demostralo?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Sei o contrario, pero non o dou demostrado.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Ofrezo. Diga diante de desa persoa que fixo o proxecto a que diga se son sete ou oito postos. Estou disposto a todo iso. Teño interese. Estou dispostísimo. A partir de aí o que vostede elixa, mesmo publicamente nos medios comunicación... O que queira vostede pulir na súa mente obsesiva cara a min. Pero xa é un tema de vostede. Asegúrollo que, de todo o que pasa no hemisferio norte, eu non teño a culpa. Teño a conciencia tranquila neste tema, e en todos eses.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Gustaríame crelo. Non o dou. Demostrouse na comparecencia o que vostede busca dicindo pola parroquias: que a culpa sería do PP, se se instalase a empresa.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Iso é mentira. Dixen que estaba avalado polo informe da Xunta de Galicia.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pois a nós os veciños enganáronos.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Aclarando en sede plenaria. A licenza ten que dala o Concello. Este goberno, avalado con informes técnicos que hai, non a da, nin a dou, porque non cumpre. Unicamente o que dixen é que é a Xunta de Galicia quen a informa favorablemente. Este Concello di que non cumpre; e, se non cumpre, non lle damos licenza. Queda claro?. Algún veciño dirá o que estou dicindo nesta sede plenaria: que non se corresponde coa realidade o que vostede está dicindo. A licenza ten que dala este goberno, e que non cumpre esta empresa segundo os informes técnicos, e que non ten licenza. Dicimos isto o cinco de abril e vostede subíronse a este carro o quince de abril.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É increíble.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Mentira? Antes do quince de abril, dixeron que estaban en contra, non Pincho?

**D. José Antonio Varela Quintela.** Antes do 15 de abril tiñamos a documentación?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Entón como nos negou vostede a documentación? Como pode ser tan cínico?. Canto tardaron en darlla?

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Cantas veces a pediron?

**D. Nicolás González Casares.** Pedírona tres veces.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Porque a primeira vez foi un insulto a documentación.

**D. Nicolás González Casares.** A que había.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** So había iso? Quéreme dicir que só había iso?. Unha vez co impacto medio ambiental, só había iso?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Rétolle a que demostre e calquera persoa diga que interese teño eu en calquera instancia neste tema, a que o diga en calquera concello, na Praza de Igrexa en medio de Botos, con ou sen katiuskas, en calquera lugar.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Coidado se nos metemos no río, poden pasar moitas cousas, alí en Botos. Ao pé dalgunha empresa pode subir a auga das katiuskas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A pesar do que vostede dixo, levo tempo nadando, son capaz de nadar nadar contracorrente e alcanzar a orilla.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non o sei, nin me interesa se vostede é capaz de nadar contracorrente. Vostede engana aos lalinenses en moitas cousas. Creo firmemente en moitas cousas e vostede non pode dar leccións morais. A vostede non as acepto; a outros podo aceptalas. Está claro que o informe ao técnico de medio ambiente pedíronlle cvostedes ando se montou o follón. Antes non. Dende que nos solicitamos ver o expediente, si, si, entón pediron o informe. Se non: cal é o problema en darnos a documentación e que tivésemos que pedila ata tres veces en escritos distintos? Por que?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Tes un morro

**D. Nicolás González Casares.** Ía aparecendo o informe.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Era pola nosa implicación vosa voche.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A Implicación vosa. Eu sei cal é a verdade, o recoñezan ou non.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non a digo; vostede sábea.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Digo que ata o máis parvo fai avións. Se o puidera demostrar. Polo visto os listos son vostede e os demais somos todos tontos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Por último. Reteille. Pídlle respecto polo noso idioma, agora que vai, se quere intervir, Juan Cruz. Este señor naceu na aldea, é tan galego como vostede. Non é un galego de invernadeiro, como algúns outros. Sempre no Pleno se falou en galego e non faga chistes co idioma galego. Podes estar de cachondeo con Juan Cruz, téñao. Hai un acta que levantar, e os plenos son retransmitidos a través da canle de internet. Prégolle que se dirixa a calquera membro en galego e que non o tome a pitorreo o tema do idioma, que o tomou sempre e quere sempre de erixirse en defensor a ultranza dun idioma, pero grazas a persoeiros como vostede non vai perdurar nas xeracións.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Eu son un modesto alcalde, punto un; un alcalde que fala nos en foros en defensa do idioma; punto dous, algunhas persoas pertencen a partidos claramente antigaleguistas, non me refire a vostede, na súa concepción ideolóxica; tres leccións de defensa da lingua galega, non. Un partido que aproba e fai, aínda falo con técnicos do decreto de galego. Hai datos que temos de descenso na utilización do idioma baixo o seu goberno. Non lle vai dar leccións. Vostede é galego falante e eu tamén. Agora estou nos foros máis importantes lingua e cultura galego. O 80 % da xente como eu fala en galego. Nin o teu partido o fala. Leccións nin de ti nin do teu partido. Sempre vino no PP do rural si que non ten dúbidas, pero se me teño que ir outros lares, estilo Vigo etc. dáme vergonza. O Decreto que fixeron do galego, unha vergonza para este país, ti non subscribes, aínda que non o podes dicir. Leccións cero. Nada mellor que os neofalantes, nada mellor para o idioma. Ogallá a xente que fala hoxe castelán mañá fale galego, e que se incorporen, ogallá, para que non desapareza. É o mellor que lle pode pasar ao galego. Non que o falen os de sempre, senón os que se incorporan.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É a desgraza do galego: a hipocresía. Na intimidade falan castelán e en público, en galeguistas pola vida. Detrás de min, por desgraza se non predico co galego e non deixas sementes e cada vez haberá menos galego falantes.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Dixo un membro do PP.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Sempre defendemos o galego e falámolo.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Ti si. Eu non teño ningunha dúbida; ao contrario, cónstame. Pero non me contes películas que eu o sei. Imos ao porto de Vigo e pouco menos que tiran á xente á dársena abaixo por falar galego. Diríxome a Cruz e a Ciudadanos en galego, a ver se me acordo.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Interrupción en dez minutos. Pídeo o Sr. Secretario Non vou impoñer nada.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Paz ten que irse a unha e media.

Preguntas de **D. Juan José Cruz García.** Se queredes as contestades.

**PREGUNTAS.-** O PSOE de Lalín e Compromiso presumiron de que unha nova empresa ía instalarse en Botos?. Si ou non?

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Presumir, non.

**D. Juan José Cruz García.** O PSOE?

**D. Nicolás González Casares.** O PSOE non presume de nada.

**D. Juan José Cruz García.** A finalidade de visitar a planta foi para coñecer o



funcionamento ou estaba preparada para intentar convencer aos veciños que non era danina.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa o dixen. Non teño intereses. A a petición foi deles, dos veciños. Non tiña intereses.

**D. Juan José Cruz García.** Quen pagou a visita?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non o sei.

**D. Nicolás González Casares.** Fomos nunha DKW audi e alugada polo Concello.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu fun no meu coche particular.

**D. Juan José Cruz García.** Comestes nalgún lado?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** En Valderinas do Páramo.

**D. Juan José Cruz García.** Que comestes?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Cordeiro.

**D. Nicolás González Casares.** O menu do dia.

**D. Juan José Cruz García.** Quen pagou?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O Concello non.

**D. Nicolás González Casares.** Paguei eu. 72 euros.

**D. Juan José Cruz García.** Convidaches aos veciños?.

**D. Nicolás González Casares.** Non o pasei. Olvideume.

**D. Juan José Cruz García.** Foi amonestado nalgún momento o Tenente de Alcalde pola Alcaldía ou por calquera outro compoñente do goberno, como por exemplo pola APAC, pola súa actitude protectora dos intereses de RACSO?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu si. Téñenas gordas con Nico ante o escándalo. Que conste en acta que vai con retranca.

**D. Juan José Cruz García.** Se por culpa de non ter alegado certas cousas, tr que dar a licenza, están dispostos a encadearse como dixeron noutros casos?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É unha pregunta ben tirada. A resposta ten que estar á altura. Sempre hai que adaptarse ás circunstancias cambiantes. Está en filosofía de COU.

**D. Juan José Cruz García.** Consideran que o goberno fixo todo o posible para

velar polos intereses medioambientais de Lalín e que o están facendo?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sen dubida.

**D. Juan José Cruz García.** Utilizaron fosetyl de aluminio nos campos de fútbol?. Utilizan eses sulfatos permitidos en Lalín?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Máis. Sobre RACSO.

**D. Juan José Cruz García.** Pregúntanlle xentes máis preparadas ca min. Un halago para o seu pai. Acábame de enviar unha mensaxe un admirador. Dille a Rafael que polo menos o seu pai cos erros que cometeu, rodeouse de xente con valía. Creo que tt rodeaches do teu cuñado e te xoga malas pasadas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Refírese a que te levei a ti na lista.

**D. Juan José Cruz García.** Non. Rodeásteste do teu cuñado?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O erro que cometeu foi rodearse de xente na que confiou e traizoárono. Ese foi o gran erro. Tamén moitos e amigos que foron fieis ata o último día. Algúns están nesta sala, responderonlle.

**D. Juan José Cruz García.** Non o cometas ti.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Algúns están nesta sala.

**D. Juan José Cruz García.** Algúns están onde están no cárcere. Coidado coas amistades perigosas. Por que non alegaron cando tiveron a oportunidade?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Tamén hai quen o jodeu ben, e se non o jodeu máis porque non puido. Está aquí nesta sala. Non puido porque non o jodeu máis.

**D. Juan José Cruz García.** O Alcalde recoñece que a situación caótica no Concello é a realidade?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Cal é a pregunta?.

**D. Juan José Cruz García.** Xa que non se emiten informes e non se externalizan, paralizanse informes durante meses. Con retranca. Vai pechar o Concello de Lalín ao non aportar solucións?.

**D. Juan José Cruz García.** Responda. Grazas....

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Se quere cinco minutos ao Secretario. Tomamos nota e logo corrixe Toño...

Con isto, deuse poro rematada esta comparecencia.

## **9.- EXPEDIENTE 2760/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE**

## **OS ATRASOS NO TRASLADO DA OFICINA AGRARIA COMARCAL.-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 15 de maio de 2018, co número de entrada 3474. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 21 de maio de 2018.**

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Bo día. Nada. Esta moción que traemos aquí é precisamente poñer enriba da mesma, situación insostible, que se alonga no tempo sen ningún tipo de xustificación, que require acordos e esixencias desde esta Corporación inmediatas, ben. Nos entendemos que como noso Concello e a comarca ten potencial gandeiros indiscutible, para que poidan desenvolverse require forzosamente actuacións e infraestruturas en equipamentos acordos con esas finalidades previas. Polo tanto aquí vivimos o seguinte. No 2005 na Consellería de Medio Rural con Alfredo Suárez Canal chegouse a acordar e a asinarse con este Concello un convenio para construír un edificio de medio rural albergara todas instancias administrativas que tiveran que ver co tema, paralela coas condicións que requirira o orzamento; logo vimos 2008 cambio Xunta de Galicia e foi papel mollado, a pesar do breve intento de orzamento. Dende entón botaron ata 2017 rexeitando o que era a construción deste edificio sistematicamente. Entendemos que este edificio é a solución evidente e idónea para dar saída e ter unhas instalacións dignas, pero sendo así o PP na Xunta non moveu ficha ata 2017 anuncia licitación de aluguer de baixo, albergar o traslado das oficinas actuais. É un autentico despropósito que foi esta relación de sucesos que vemos como dúas veces quedou baleira esta situación, quedou deserta, ata o mes de xullo non se acada esta licitación. Pero curiosamente, insisto é un cúmulo de despropósitos, pasan 4 meses ata que se adxudican, desde xuño. E obviamente non cambia a situación en novembro de ano pasado. Medio ano despois vemos que ese local segue baleiro, sen dar ningún tipo de uso. Estas preguntas están trasladadas ao Parlamento par que contesten ás dúbidas. Entendemos que estará asinado o contrato de aluguer e se estará pagando por ese aluguer. Imaxínense si e así, tirando cartos públicos. Se nón é así, que tiren para adiante. A resposta que nos encheu de coraxe foi estaban pendentes para os permisos municipais para abrir. A día de hoxe non hai aquí ningunha solicitude pola Consellería para pedir os permisos que ten que solicitar. Non hai vontade, senón que se din mentiras bastantes infantís. É doado contrastar situación. Existe unha situación coa que non estamos de acordo en absoluto, en concreto co aluguer de baixo e coas instalacións que se propuxeron no seu momento. É certo que isto é mellor que o que hai. Os movementos de fichas que se deron por presión de política e dos traballadores/as e funcionarios do servizo, están en condicións precarias, non cumpren os requisitos para os traballadores, están aí o problema, senón para a finalidade atender ao sector agrogandeiro. Esta moción ten que contribuír a desbloquear esta situación, a que a algún lle caia a cara de vergonza de como leva o tema e da realidade cando antes...

**D. José Antonio Varela Quintela.** Bos días. Dicirille a Paco que estamos totalmente de acordo. Pedimos a total celeridade do mundo. Non falar tan alto, e o seu goberno levamos 15 meses coa obra do auditorio sen arranxar. Non podemos pedir celeridade aos demais se non somos un exemplo neste tema. O auditorio, o que falamos antes de como o tema de Zobra, da RPT, e dun cento de cousas. O noso voto

é favorable, e totalmente de acordo en que se axilice o tema e se resolva canto antes.

**D. Juan José Cruz García.** Voto a favor.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Creo que este tipo de cuestións son importantes. As veces no Plenos nos centramos en chorradas. Este é un tema moi importante para os servizos que da aos gandeiros e persoas e parece que queremos pasar por enriba dos mesmos. Digo en xeral.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Creo que a nosa resposta.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non estou facendo un reproche. Podemos incidir máis e esixir unha resposta.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Máis claro imposible. De acordo e pedimos celeridade.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Este é un dos temas realmente importantes. As veces discutimos tonterías.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Agradezo o voto. Espero que cando teñamos datos sobre a situación de si se está pagando o aluguer, alguén non se alguén se rasgue as vestiduras, para disimilar as súas miserias, porque ao parecer este tema non debe ser importante para o tema agrario.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** A ver se despois Manolo vai dicir que non estaba neste pleno. É importante que conste en acta que Manolo sabe do que estamos falando.

Sometida a votación ordinaria a moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A MOCIÓN DO SEGUINTE TENOR:**

O 5 de marzo de 2008 o Concello de Lalín asinaba un convenio coa Consellería de Medio Rural polo que poñía a disposición da Xunta de Galicia dúas fincas de 1.682,51 e 952,38 metros cadrados do SUE-4 para a construción dun edificio de servizos integrados de Medio Rural para a Comarca do Deza. Uns meses despois anunciábase que ese edificio tería un custe estimado superior ao millón de euros e ata se describían os seus servizos.

No ano 2009, tras o cambio de Goberno na Xunta de Galicia, non se avanza na posible construción deste edificio, a pesares de que en marzo de 2011 o concelleiro de Medio Rural, por aquelas datas D. Samuel Juárez, anunciara que a SPI “adxudicará proximamente o edificio por un total de 1,83 millóns de euros”. Daquel anuncio nunca máis se soubo.

Posteriormente, tras varios anuncios fallidos de construción do edificio, a Xunta de Galicia varía radicalmente a súa posición e opta por non construír dito inmobile e

buscar un local de alugueiro para os servizos agrogandeiros que ofrece nesta comarca. Eses intentos de busca de alugueiro resultaron en dúas ocasións infrutuosos. Finalmente, en novembro de 2017 adxudícase un baixo na rúa da Ponte de 350 metros cadrados. Máis de 5 meses despois da citada adxudicación -que se realizou cun atraso inxustificable- o traslado continúa sen materializarse e, ademais, nada se sabe sobre o contrato de arrendamento, nin sobre o estado de tramitación das necesarias obras de acondicionamento do local ou sobre os orzamentos que manexa a Xunta para esta actuación. Nesta liña é salientable que, a pesar de que Medio Rural alegou que o proceso de traslado estaba pendente dalgún permiso, a día de hoxe, non consta que no Concello de Lalín exista ningunha solicitude de licenza municipal de obra por parte deste organismo.

Ante esta situación é pronosticable agardar que o traslado da OAC se continúe demorando no tempo de maneira absolutamente inadmisibile, froito da desidia da Xunta de Galicia con respecto a esta cuestión. Deste xeito, tanto os usuarios como as persoas empregadas da oficina de Medio Rural de Lalín terán que seguir facendo uso dunhas instalacións que presentan un estado decimonónico, non cumprindo o mínimo que se lle pode esixir a unha administración que quere atender aos seus cidadáns en pleno S. XXI. As oficinas son vellas, non hai ascensor e a accesibilidade faise penosa para os cidadáns que buscan atención nela. Isto ocasiona que se dean casos de persoas de avanzada idade que xa nin intenten acudir á oficina para facer as súas xestións. Por outra banda, a situación creada tamén provoca malestar entre os traballadores e traballadoras de Medio Rural, cansos xa de tanto anuncio de traslado que nunca se chega a facerse realidade. A súa disconformidade coa situación fíxose pública en numerosas ocasións, incluso a través de concentracións de protesta semanais.

#### **O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Instar á Xunta de Galicia a que realice de xeito inmediato o traslado da Oficina Agraria Comarcal ao local adxudicado para tal fin na rúa da Ponte e que se cumpran no mesmo todas as garantías para a atención aos cidadáns, así como para o correcto desenvolvemento da actividade laboral por parte dos empregados.

#### **10.- EXPEDIENTE 2764/2018. MOCIÓN DO PP SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO ALCALDE PARA QUE DEA EXPLICACIÓNS SOBRE OS INVESTIMENTOS EN SANEAMENTOS E ABASTECIMENTOS DE AUGA NO PRESENTE MANDATO.-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 15 de maio de 2018, co número de entrada 3476. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 21 de maio de 2018.**

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Bos días de novo. Dende PP tivo nos últimos anos de interese dotar de auga e saneamento aos distintos lugares de Lalín. O goberno actual leva tres anos tal cunha inversión tal e como se demostrou antes mal planificada de Zobra, que para dar servizo aos veciños terá que esperar uns meses. Esta é a diferenza entre uns e outros menor. Ao alcalde échese a boca moito de

defender o medio rural e que se preocupa moito polo medio ambiente, pero a realidade é distinta. Temos claro que nestes últimos meses non sei se é con afán de cousas con interese electoralista, o goberno decidiu por en marcha unha serie de obras.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Con afán electoralista. Dixéchesme iso ti?. Pareceume non escoitar ben?.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Fixeron unha serie de obras como completar o saneamento obras de Zobra. Está prevista unha rede en Vilar de Rio, en Bendoiro, a ampliación da rede de abastecemento en Goiás, que xa ía ser o ano pasado. Nos últimos días recibín unha comunicación Xunta de Galicia, Fondo de Compensación Ambiental que recolle a ampliación de abastecemento en catro lugares. Creemos que non é suficiente o que fixeron e lles mandamos, que nos digan que abastecementos e saneamentos realizaron ou acometeron e si vai propoñer algunha outra máis.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Moitas grazas Antonio. Ímolo pasar ben no próximo pleno con isto. Aceptada. Por suposto. Gustaríame saber cantas comparecencias houbo no anterior mandato. Creo que se desvirtúa isto das comparecencias. Eu véñome arriba, falando en términos taurinos.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Quero saber se vai comparecer ou non?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Si, desvirtuades as comparecencias. Hai cousas importantes. Con estas cousas, véñome arriba. Déixame falar. Se me fas ti as preguntas, estou máis ilusionado.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Vostede ía polo rural ofrecendo o ouro e o mouro e resulta que non se ven as inversións. Detrás das palabras veñen as obras.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Aos mouros respéctoos moito.

Sometida a votación ordinaria a moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A MOCIÓN DO SEGUINTE TENOR:**

O presente mandato significou para o rural lalinense unha involución en investimentos de todo tipo e, con elo, unha freada na dotación de servizos aos máis de 300 lugares que conforman as parroquias do medio cento de parroquias.

Nos tres anos que leva xestionando o actual equipo de goberno -despois de anos consecutivos en que os saneamento e os abastecementos foron prioridade indiscutible dos equipos de goberno anteriores-, só se acometeron moi pequenas obras hidráulicas de reparación e un proxecto “estrela” como a construción da depuradora de Zobra. Depuradora que recolle na súa planificación e construción o xeito de traballar neste eido por parte do actual goberno. Un investimento nunha depuradora que se acometeu sen criterio, sen contemplar a parte máis importante que

é a rede de conexión ás vivendas que tardará aínda meses en dar servizo, que se atopa abandonada e con visible danos e que xerará problemas, pola deixadez do goberno, cando se queira poñer en servizo.

A bagaxe do goberno en tres anos no eido de saneamentos e abastecementos redúcese á construción dunha depuradora que non funciona, está deteriorada por unha mala planificación de posta en marcha e a pequenas reparacións puntuais. Tres anos perdidos no camiño de ampliar a dotación de servizos aos veciños do rural, servizos que permitirían mellorar a calidade de vida e a algo tan importante como a fixación de poboación no rural.

Nos últimos meses, despois dun par de anos de continuas mocións da oposición desatendidas e ignoradas solicitando investimentos en saneamentos e traídas, o goberno de Lalín, cun claro afán electoralista, decidiu poñer en marcha unha serie de pequenos investimentos hidráulicos para dotar de rede de saneamento a parte da parroquia de Zobra, un proxecto de saneamento en Vilar do Río que leva moitos meses de retraso e traídas como a ampliación da rede de Goiás que tivo que solicitar o PP en pleno ante as sucesivas peticións dos veciños ignoradas polo grupo de goberno. Nos últimos días, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia anunciaron a realización de pequenas ampliacións e reparacións en catro lugares.

Escasos investimentos electoralistas que para nada compensan a inacción de tres anos nos que non se fixo nada e que supoñen un atraso importante no ritmo de dotación de servizos ao rural.

Así as cousas, e con afán de aclarar cuestións relativas a investimentos en abastecementos e saneamentos, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU**:

Aprobar a solicitude de comparecencia do Alcalde, Rafael Cuiña, para que relate a cantidade de investimentos en saneamentos e abastecementos que se acometeron, e onde se realizaron, dende que tomou posesión hai tres anos, e ao mesmo tempo ofrezca explicacións e responda ás preguntas relativas a este tema.

*Sendo as 12:28 horas reincorpórase á sesión o Sr. Interventor.*

**11.- EXPEDIENTE 2741/2018. MOCIÓN DO PP PARA ESIXIR A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA PERMITIR QUE OS GANDEIROS QUE NON SOLICITARON A BONIFICACIÓN DO IBI DOS INMOBLES DE USO AGRARIO O Poidan facer nun novo prazo.-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 30 de abril de 2018, co número de entrada 3181. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 21 de maio de 2018.**

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Fixemos en seis días sábados e domingos incluídos, 15 charlas que cubriron o total das nosas parroquias. Os servizos que nos demos, que non o deu ningún máis atendeu a 1458 persoas de mañá e 300

de tarde. En total houbo 378 alegacións fomos o único concello que recolleu as alegacións para non facer ir á xente a Pontevedra, a ditas alegacións, e evitar que a xente fose ao Catastro. Conte todo, non só o que lle interesa paara xustificar a súa incapacidade.

Nós propuxemos a bonificación do 95 % para as explotacións. Non vos. Vos apoiástedes a mesma. E fíxose para paliar o problema que vostede creastes.

**D. Manuel Fernández López.** O que estamos discutindo aquí é o que vostede non quere entender. Estou de acordo co que vostede fixo e nunca o puxo en dúbida. Puido facer as charlas que quixera. Despois hai outra situación. Dentro das charlas xa se informou como quixo e a xente non o entendeu.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Ti estabas nas charlas. Preocupado por facer ruído. Estabas de bufón.

**D. Manuel Fernández López.** Vostede estivo en Maceira diante de vinte persoas que representan a unhas corenta granxas e só pediron a bonificación seis. Contou a verdade?. Como é que cree que o entenderon?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eran máis listos.

**D. Manuel Fernández López.** Costa crer que toda a xente que estaba alí. Alcalde, eu, e todos ao entenderon. Algo non cadra. Non entenderon, non dixo a verdade. Esta é a verdade. Non o que dixo. Pagaron ou non pagaron o 2017 por Montoro, din vostede e 2018 botar a culpa ao concelleiro PP. A persoa pagou 800 en 2017 e volvera pagar 2018, sen bonificación. Esa é a información. Vostede son culpables de todo isto por non informar aos gandeiros. Non o discuto o que fixeron. Non llo discuto. Non facía falta o que.... Se me saca o tempo.. Deame un minuto máis.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Pagaron o 2017.

**D. Manuel Fernández López.** Alguén lles bota culpa a vostede. Adiantaron un ano e podían esperar. Unha situación. Aquí estamos falando da realidade. O problema é dos gandeiros de 2018, por falta de información que vostede tiña que dar e que vostede ocultou. Non me vale que me poña un vídeo. Que eu recoñecín e recoñezo. Sexa valente e faga coma min. Vaia ao rural como goberno e díganlle aos que teñan que pagar. Cóntenlle a película e poñan o vídeo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa fomos polo rural.

**D. Manuel Fernández López.** Foron polo rural, podemos falar e dicir o que queiran, pero o problema o temos aquí, cos gandeiros. Eu teño que pagar 140 euros. Hai unha situación que é unha falta de información. Me atacaron a mi, que vaia pensando na miña marcha, en retirarse. Vamos a ver. Se non son é culpable, se teño que abandonar, vostede que son culpable, eu non son, que van facer vostede? Virse comigo ou quedarse aquí?. Arregle o dos gandeiros.

**D. Juan José Cruz García.** Estou vendo o debate vendo tan acalorado como está. O que pide aquí ten un marcado carácter positivo, xurdindo dúbidas de si é viable ou non, preguntando. Que non se pase de pasado. Pregunta ao Sr. Secretario: É



viable o que pide a moción?.

O Sr. *Secretario*. Non é unha cuestión de Secretaría; é de Intervención.

**D. Juan José Cruz García.** A pelota dun lado a outro lado. Dada a miña ignorancia no tema pido ao Sr. Interventor que aclare si é viable.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Digo que non.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Si o problema non é que estea nun partido, o problema é que tes que dimitir. És un mentiroso. Todo o que dixeches é para mentir e para xustificar o que dixeches aos socios. Como vostede pode traer isto.... Vostede é un incapaz. Como trae unha proposta a este pleno. Mire si é demagogo. Ten que dimitir, é un mentiroso. Unha proposta que non é posible realizar!. Hai un informe. Vostede sabe que hai un informe. Vostede representa o peor que ten a política. Dedícase a enganar aos gandeiros.

Pensa que isto é unha feira ou a barra dun bar. O goberno que propuxo isto foi este goberno. Fronte aos ataques seus. Non nos achaque un problema de recadación. Este goberno acabará déficit cero ao final do mandato e levou ao mínimo po IBI, legal, non con afán recadatorio. Política fiscal máis equitativa. Insisto, por terceira vez en pleno, hai que crear unha comisión para establecer unha bonificación máis equitativa, non ao que precisa si o e non non precisa. Hai un informe fronte á mentira de vostede: un informe de Intervención e outro Deputación. Podía falar de data de devengo, teño informes. Segue coa mentira de que hai 800 explotacións. Hoxe é imposible saber. Hoxe vou traer máis explotacións hai. Queriamos botar linealmente 95% a todas e só podemos facelo ás que están fora do núcleo 60 e 95 goro. Di 800 mentir unha vez mais, tapar as súas miserias. Hai 146 referencias catastrais en rústica que algunha desas pode incluír unha avícola, unha porcina e unha vacina. O número exacto do 1 % pode haber cambios de titularidade e 20 sen dar de alta, falamos de 155 explotacións que teñen dereito a bonificación. Mire a información que deu a ese sector non é correcta. O único que plasmou aquí foi que fixo da mentira á xustificación para manterse na poltrona que vostede representa. Este goberno non acepta leccións de vostede neste tema. Para o ano abriremos, prazo, lei que non aprobamos, ata o 31 de marzo para que o sector o poida. Como hai veciños de vostede, será porque se se levan mal, ou moitos outros que viñeron a pedir?, Viñeron máis de trescentas persoas que atendeu Paco, o funcionario desta casa, máis de trescentas. Como se atreve a dicir que a xente non o sabía? Porque é un mentiroso. Hai veciños de vostede que o pediron, viñeron aquí e lles dixeron que non tiñan dereito á bonificación porque estaba en núcleo rural. Non é un cambalache. Isto non é a barra dun bar como intentaron dicir deste goberno: imos mirar a ver se arranxamos isto, cos teus e os meus. En serio, con seriedade, estamos a favor da cidadanía, a favor dun sector, pero non poñendo de bandeira as súas miserias. Todas as acusacións nun mes, das súas miserias e de falta de ética. Os videos están aí para ben e para mal e retratan o papel que xogou vostede aquí.

**D. Manuel Fernández López.** Por alusións.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non sei en que se sentiu aludido.

**D. Manuel Fernández López.** Acabamos de escoitar aquí como se a culpa

disto do 2018 fose do PP. A culpa non é dos gandeiros que non a solicitaron por falta de información que o goberno non deu. Poden dicir o que queiran, non a min. Vaia polo rural e encontrárase coa xente.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** A xente non fala ben de vostede. Vostede non representa ao rural. Leva mal non gobernar. Nos estamos acostumados a non facelo, e agora metémoslle nun apreto. Non goberna e deixe de facer por aí, e non moleste aos funcionarios. Esta fora da palabra como eu. Botou un mes mentindo. Eu son moi respectuoso. Esta persoa é máis que ninguén.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Voulle cortar aos dous. Un minuto.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Agora con vos remata a moción a oposición. Isto é unha tomadura de pelo.. Con vos remataba o goberno.

**D. Juan José Cruz García.** Presentou a moción.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Con vos sempre rematou o debate o goberno.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.**

**D. José Antonio Varela Quintela.** Os demais tamén sabemos berrar; o resto tamén.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que falta de educación tiveches. O debate teño que rematalo eu.

**D. Manuel Fernández López.** Un só minuto, un só. Se me deixades un minuto. Todo o que queiran dicir agora, e contar, e contar a mín. Miren. Vostede non é nadie, absolutamente nadie. Levo 18 anos de Presidente dunha Cooperativa fundada por min e Presidente de Xuncoga. Algo terei de malo e algo de bo. Fágame ese favor: nin as nomee. Antes, lávese a boca. Vaia polo rural e dígalle isto aos gandeiros que non pediron a bonificación. Dígallo aos gandeiros. Os datos que me deu, non mos creo. Desde 2002 as granxas de vacún van todas en rústico.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Que conste en acta o que acaba de dicir para o próximo pleno: que non cree os datos que dou, que son datos dos funcionarios desta casa.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non teño pensado entrar en guerras contigo. Vouche dicir unha cousa. Ti sabes perfectamente, que metiches a zoca ata o fondo. Son datos incontestables. Ti es presidente dunha cooperativa e non vou darte datos, porque levas moitos anos nesta loita. Especialmente grave me parece que sendo presidente dunha cooperativa e presidente dunha asociación de cooperativas, negue a cuestión importante para os gandeiros. É indefendible, absolutamente indefendible. Este goberno puxo atención no rural, poñendo funcionarios que asesorasen. Isto é tan incontestable. É esta cuestión que o que me sorprende é que te atrevas a levantar a voz neste tema. O que tiñas que dicir con moita humildade é que non estaba atento,

que non estiven á altura das miñas responsabilidades como presidente. É certo que se deu información, con charlas. É certo que hai xente que non se enterou. É certo que en Silleda houbo moitas máis e que en Agolada houbo cero. É certo todo isto para intentar solventar o futuro. É certo que houbo tres meses para facer peticións. Ti metiches a zoca. Os teus compañeiros con conscientes dixo. Gústame que me atendan. Sabes que non te quero mal. Sábelo de sobra e dígo con ton plano e baixo. Sabes que o que digo é certo é incontestable. Isto preocupa a todos e moito aos gandeiros, a todos e a ti moitísimo. Non teño dúbida. Equivocácheste.

**D. Manuel Fernández López.** Unha pregunta. Unha situación. Vostede son o goberno. Solo unha pregunta: Vostede sinceramente, digo, está conforme coas pouca peticións solicitada? Solo esta pregunta. Responda: está conforme con esta pouca petición solicitada?. Dígame iso: pois si ou non. Alcalde. Aquí vostede como alcalde: trate de arranxar o problema aos gandeiros dentro das posibilidades posibles. Nada mais. Sabe unha cousa e nada máis.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Como dicir que o discurso non pode ser?. O que non se pode é presentar unha moción e dicir que pode ser arranxado cando non se pode. Tampouco se pode dicir historias que foi dicindo polo rural de que se eu ía por alí me ían dar unhas hostias. Eu non me achico. Teña claro que non me achico. E sábeo: non me achico. Téñao claro. E vostede é un fascista

**D. Manuel Fernández López.** É unha ameza?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Aos dous. A situación é complexa e ata aquí. As posturas están claras.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC..*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

O Pleno do Concello de Lalín do 27 de abril de 2018 aprobaba, cos votos favorables dos concelleiros que conforman o goberno e do concelleiro non adscrito e a abstención dos concelleiros do Partido Popular, unha moción do goberno no que se propoñía a bonificación do 95% ás solicitudes de 44 propietarios de 50 explotacións situadas en solo rústico.

Considerando que en Lalín existen na actualidade 700 explotacións de vacún (unha parte importante de elas en solo rústico) e 90 de porcino e avícola que na súa maioría se sitúan, xa por normativa, en solo rústico, a porcentaxe de propietarios de edificacións de uso agrario que accederon ás devanditas bonificacións aprobadas en

pleno é moi escaso.

O proceso de regularización catastral en Lalín xa comezou con mal pé, ao ser o propio goberno de Lalín o que solicitou á Dirección Xeral de Catastro a inclusión de Lalín no proceso de regularización con antelación ao remate do prazo, cando outros concellos veciños como Rodeiro ou A Estrada quedaron á espera de que fose o organismo catastral estatal o que decidise o comezo de dito proceso. Deste xeito, a Xunta de Goberno de Lalín acordou con data 16 de novembro de 2015:

*Que o Concello de Lalín sexa incluído na próxima resolución que se aprobe correspondente ao ano 2016, relativa ao Procedemento de Regularización Catastral 2013-2016 regulado pola Disposición Adicional Terceira do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (R. O. Lexislativo, 1/2004, de 5 de marzo) para a incorporación ao Catastro e valoración a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis, tanto das construcións omitidas total ou parcialmente, como das modificacións nos datos físicos dos inmóveis que sexan incorrectos ou incompletos, co fin de asegurar a súa concordancia coa realidade.*

Unha decisión que prexudicou claramente aos intereses das xentes do rural ao adiantar arredor de dous anos o cobro das novas altas e dos edificios incorporados aos censos catastrais.

No pleno do mes de novembro de 2017, o pleno acordaba por unanimidade unha bonificación do 95% aos inmóveis de uso agrario e nas ordenanzas se recollía do seguinte xeito:

*Artigo 4º.Bis – Bonificación para inmóveis de uso agrario.*

*1.- De conformidade co establecido no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello establece **unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmóveis de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras** e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Entenderase como inmóveis destinados ao desenvolvemento de actividades agrícolas ou gandeiras aqueles que, de acordo coa normativa do catastro inmobiliario, estean cualificados como de uso principal agrario. Entenderase como inmóveis destinados ao desenvolvemento de actividades agrícolas ou gandeiras aqueles que, de acordo coa normativa do catastro inmobiliario, estén cualificados como de uso principal agrario.*

*2.- **Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.***

*3.- Esta bonificación, que **terá carácter rogado**, poderá solicitarse mediante o modelo normalizado que estableza o concello, **dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de marzo do exercicio en que vaia a ter efectividade e a súa concesión** manterase para os exercicios sucesivos ata que se modifique ou derogue a presente ordenanza.*

Unha ordenanza na que se recollía con claridade unha bonificación para todos os inmóveis de uso agrarios de natureza tanto urbana como rústica, ou sexa, tanto para aqueles situados en solo de núcleo rural, como para aqueles ubicación en solo rústico.

Bonificación que o Concello, pese ao recollido na ordenanza, non puido concretar ao non estar permitida unha bonificación superior ao 60% para calquera tipo

de inmovible situado en solo de núcleo rural. Sendo por tanto aplicable a bonificación establecida só para os inmovibles situados en solo rústico.

Pese a toparse con esta eventualidade, o goberno eludiu dar explicacións claras e concretas sobre a mesma, non aclarando publicamente aos veciños a imposibilidade de aplicar esta bonificación para as granxas ubicadas en solo de núcleo urbano.

A raíz da modificación da ordenanza e da regularización catastral, os concelleiros delegados de cuestións económicas do Concello de Lalín iniciaron unha serie de reunións en parroquias do rural para explicar estas cuestións. Reunións, que á vista do número de solicitantes, non conseguiron transmitir ou non aclarou a necesidade de tramitar a solicitude para obter a bonificación; ou sexa, que dita bonificación era rogada e non xa directa e para todos os propietarios con bens de uso agrario.

Rematado o prazo o pasado 31 de marzo, a realidade tanxible é que só unha porcentaxe moi pequena dos propietarios solicitaron a bonificación, 70 propietarios sobre un total de 800 explotacións no noso Concello, das que unha parte moi importante, pese a imposibilidade de bonificar ás explotacións en núcleo rural, si podería acceder a esta bonificación. Das 70 solicitadas foron aceptadas finalmente 50 de 44 propietarios.

Consultados un número importante de gandeiros de diversas parroquias, afirmaron descoñecer a necesidade de tramitar a solicitude, e por tanto, que a mesma fose rogada. Queixándose da falla de información por parte do goberno e da ausencia de medidas informativas aos potenciais beneficiarios da modificación, que si se aplicaron con cuestións moito menos importantes e menos lesivas para os intereses dos gandeiros.

En base ao exposto, **o Pleno da corporación municipal ACORDOU:**

Esixir ao goberno de Lalín que busque unha solución legal inmediata para arreglar o problema das explotacións que non solicitaron a bonificación no tempo habilitado, por non se ter enterado, e que dita bonificación poida ser aplicable no presente exercicio.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Algo que non se pode levar adiante. O din os informes técnicos. Aquí somos uns campións. Imsos votar en contra. Podemos votar darlles 3.000 millóns a cada cidadá. Deus meu. Alcalde.

**Sendo as 12:44 horas auséntase da sesión o Sr. Interventor.**

**12.- EXPEDIENTE 2766/2018. MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR A ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO PARA A CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS ASINADO POLA XUNTA DE GALICIA E Á FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS O PASADO 10 DE OUTUBRO DE 2017.-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 15 de maio de 2018, co número de entrada 3475. A continuación o Sr. Secretario

deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 21 de maio de 2018.**

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Estivemos esperando a ver si o goberno movía ficha, no tema do convenio marco da FEGAMP coa Xunta de Galicia para a captación de investimentos nos distintos concellos. Como vimos que o Concello de Lalín non fixo absolutamente nada para adherirse ao convenio.... Outros concellos da comarca si o fixeron. Todos coñéceno. Por iso traemos a colación a moción, para adherirse ao convenio marco. Leu de seguido a parte dispositiva da moción de 10-10-2017.

Esa é a parte dispositiva da moción. Traémola a Pleno precisamente para facer algo e que se poidan instalar aquí e teñan vantaxes fronte a outros concellos como Lalín rebaixas do 25 % no IBI, IAE, ICIO, etc. Estas bonificacións establécense a cambio compromiso da creación emprego das empresas. A este goberno écheselle a boca. Dende que saí o convenio, non fixo o mínimo movemento para adherirse a el. Outros concellos vano facendo, nos quedamos sen facelo. O PP non queren perder o tren. Facemos a proposta boa para Galicia e para Lalín. O feito que se perdan algunhas taxas e impostos é dentro da legalidade, por parte don Concello. Esas empresas teñen que dar un compromiso creación postos de traballo. Polo tanto se para o Concello é preferible perder algún tipo de imposto e que veñan empresas, a culpa botárona a nos, acudindo a calquera acción dos goberno de Madrid e da Xunta Galicia para eludir a súa responsabilidade. Si se pode cobrar algo menos taxa, a diferenza e que veñan as empresas ou que non veña é substancioso. Entendemos polo que acabo de referirme, que esas taxas hai que baixalas. Estas condicións poden ser positivas. Así o entenden máis de 30 concellos de Galicia. Liña industrial normal ocorre agora. Xa o correo mandado 2011-2015, Xunta de Galicia mercado metía a compra de terreos na cuarta fase do Lalín 2000, paralizouna acordo a nivel Galicia, esixía aos concellos compromisos en firme das empresas que o foran a utilizar. Motivo polo que quedou daquela en stand by o solo industrial non comercializado. Queren unha mínima garantía. Iso axudará. Non me diga non coa cabeza, porque é xustamente o contrario. A Xunta de Galicia non pretende facer aquí unha cousa distinta do que fai noutros sitios. Non vai facer. Aquí é máis fácil. Aquí temos cerca do 50 % do solo adquirido xa pola Xunta de Galicia. Aquí é fácil facelo. E non o vai facer aquí mentres non haxa un compromiso da empresa que necesita x metros. Despois pódese pedir a da parte empresa, que non faga tanto, ou 150 metros, e para que poidan instalarse outras. O acordo é para toda Galicia e para Pontevedra en especial. Pedimos a creación dun rexistro de empresas. Aquí quixémolo crear nalgún momento, pero non se rexistrou ningunha. En época de crise, querían desfacerse do chan e XESTUR cobraba o mesmo que pagou.

**D. Juan José Cruz García.** Dáme a sensación de que a resposta do goberno vai ser que: xa estabamos niso, e témolo en mente.

Fora da moción, coido que vostedes sobrepasaron os limites do permitido no Pleno. As últimas verbas do edil BNG son máis graves cas que eu fixen no seu momento para ser expulsado deste Pleno. É máis debe retiralas. Como mínimo o concelleiro do BNG debería pedir desculpas. Estou canso de ouvir e poñer en boca dos demais palabras.... Hai cousas que serían discutibles, si son certas ou non certas. Pedirle ao alcalde un trato.....

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Levo sen amonestalo.... Non me acordo e mire que teño oportunidades. Nada mais.

**D. Nicolás González Casares.** Non sei como empezar. Dubidamos en traer esta moción a este pleno, unha moción sobre necesidades de solo industrial de Lalín. Sabe que o debate existe. De forma torticeira vai cambiando a posición sobre o mesmo. A Xunta de Galicia en 2011 anunciou a ampliación polígono. Anunciárono en 2011 e cansáronse de falar da inminente ampliación Polígono Lalín 2000. Pasaron sete anos e non hai ampliación algunha do Polígono. Hai que poñer de manifesto as contradicións que existen entre a postura da Xunta de Galicia coa moción é poñen en evidencia isto no último mes, contradicións que foron dunha evidencia suprema. Remitímonos a XESTUR e á Xunta de Galicia para ver que ten pensado facer en Lalín 2000. O local social de Filgueira está construído en terreos dos veciños, porque o cederon a cambio de que cando se fixera a ampliación, se lles compensara. E se non se facía, que lles revertera noutro lado ou se aplicase as cantidades. Pasaron os anos e os veciños que cederon local social empezaron a dicir: que pasa co noso? Está feito o local social nos terreos dos veciños, que veñen cada pouco aquí, e que seguirán con outras accións, se non se lles da saída. En base a iso dirixímonos a XESTUR, á Consellería, porque XESTUR está desaparecido e agora é o IGVS, organismo que leva este asunto. A nosa sorpresa é que a Xunta de Galicia non ten previsto nada de ningún xeito. Non tiña previsto nada nin de ningún modo a ampliación do Polígono Lalín. Iso contradí todo o que pasa. A día de hoxe non hai parcelas libres e vostede sábeo. Hai proxectos de facer novas plantas e instalacións. A día de hoxe, se ven unha empresa grande, ou algunha empresa de Lalín que quere facer a ampliación, o importante é que non hai solo industrial. Isto é palpable e non podemos poñer á súa disposición o solo industrial. É así. Se tes demanda de 2000 m2 para o desenvolvemento no polígono, de aquí a tres anos temos solo industrial. Que pasa? Que o empresario escapa a outro solo industrial. Nalgúns lugares faise dumping industrial que se está a producir ou a vender por baixo do custe. Chega este mes o Conselleiro de industria que vive aquí en Lalín e di aos empresarios que hai que ampliar polígono.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** O empresariado di que a empresa non se instala en Lalín porque non hai chan industrial.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pódese facer por fases.

**D. Nicolás González Casares.** Por fases?. Non será posible facer toda a ampliación do polígono así?. O importante é dispoñer de solo industrial e poñelo a disposición de empresarios se queiran instalar en Lalín. Si hai empresa interesadas en Lalín que queren e ampliar. Vostede pide rexistro para que veñan as empresas. Mire son fulanito de tal, quero 20.000 m2. Vou descubrir as intencións ante a competencia. En dous anos non queda solo. A ver se o temos dentro de tres. Anos. O primeiro que fai marcha. Ten que haber dispoñibilidade mínima de solo industrial e outra baseada na demanda. Así é que como se fixeron as cousas previamente. Todos sabemos que non se fixeron baixo a demanda do rexistro. Ou si baixo a segunda ou terceira fase. Non o había. Había demanda real e necesidade de solo libre, para comprar parcelas, coas que algúns trataron de especular. Paréceme que é botar balóns fora iso de instar ao goberno de Lalín a crear un rexistro. O que creo que hai que facer é instar á Xunta de Galicia a iniciar e a dar os pasos necesarios para o polígono Lalín 2000 cuarta fase. Collan esta emenda que lles propoñemos, se queren que sigamos adiante e apoiemos a moción. É máis que é

evidente, engadiría algo máis. Os prezos que antes anunciaban, prezos de Lalín 2000, cuarta fase, con anuncios electorais reiterados, vostede e Román Rodríguez, cando estaban no cargo que eu ocupo, dicían reiteradamente que a ampliación do Lalín 2000 era inminente. Aí están as hemerotecas. Cando dicían iso, deberían ser algo responsables da situación actual e ser conscientes de sacar isto adiante. Instemos á Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para ampliar o polígono. Logo no segundo punto tocarei o protocolo "Concello Doing Business en Galicia"-.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vista a súa proposta, a moción é unha sola. O de Bisnes non son dúas mocións; isto vai metido na mesma. A moción tres puntos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** No segundo turno, falo eu.

**D. Nicolás González Casares.** No segundo turno falo eu. Non estamos de acordo coa proposta do rexistro. Queremos instar á Xunta de Galicia a que desenvolva, de xeito parcial a ampliación da cuarta fase por Lalín cos terreos que dispón.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Fagan vostede unha moción e, ao mellor, apoiámola.

**D. Nicolás González Casares.** Non acepta a transaccional?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non aceptamos que nos vacilen.

**D. Nicolás González Casares.** En que lle vacilo?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O que din, que a Xunta de Galicia está facendo igual en Lalín que en todos sitios.

**D. Nicolás González Casares.** Dígame que concellos de Galicia hai que contén cun rexistro de demanda de solo industrial?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Remate.

**D. Nicolás González Casares.** Rematamos si. O prezo. Anunciaron o prezo de 90 e/m<sup>2</sup> do solo industrial preparado. A día de hoxe non hai empresa que pague ningunha, nin 90 e/m<sup>2</sup>, nin a 80, nin a 70, nin 60, nin 50. Na ampliación que fagamos tomemos nota disto. É un prezo inalcanzable para as empresas que se queiran instalar nesta vila.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se si estamos falando na mesma linguaxe. Creo que non. Expliquei o que ocorreu cando gobernamos. Veu a crise, e mire que vostede mezcla os puntos 2 e 3 e así non houbo que pedir solo industrial. A segunda fase, en seis meses estaba vendida, e a terceira en pouco tempo case toda estaba vendida integramente en. Daquela non facía falta facer a previsión. En pouco tempo se vendía chan industrial en toda Galicia. Coa crise deixou de venderse. En XESTUR dixerón que, se non temos un compromiso mínimo de instalarse das empresas, non van facer a ampliación do solo industrial. Que mezclede a parte 2 e a 3 coa 4, cando non ten nada que ver!. Vivimos tempos distintos e hai que adaptarse aos tempos. Sabe por



casualidade como está a 4ª. Fase? Di vostede que tardan tres anos en ter o chan industrial. Sabe en que trámite está a cuarta fase?. Valga a redundancia: sabe si está aprobado o proxecto de sectorización?.

**D. Nicolás González Casares.** Si

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Está aprobado o proxecto de sectorización?. Está no mercado?

**D. Nicolás González Casares.** Está comprado o corenta por cento do solo. Necesitase todo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ao mellor non hai que facer todo.

**D. Nicolás González Casares.** Pois haberá que facer outra modificación do PXOM e retrotraerse e tramitalo de novo. Iso leva tempo. Que me corrixa o Secretario.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pódese desenrolar parcialmente. Se queres podes facer a primeira, a segunda, é dicir, facelo en tres ou catro fases.

**D. Nicolás González Casares.** E facer así a todos os colindantes?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ten que acabar de expropiar. En tres meses faise. Se está aprobado o ordenamento, o 50 % está feito e ao marxe do mercado. O resto pódese adquirir de mutuo acordo. Despois pódese desenvolver nunha, dúas, tres ou catro fases. É perfectamente legal. Non é como di vostede. A maiores non di a verdade. E certo que o solo é caro, máis caro que noutros sitios, polas cargas que ten. Nos deixamos todo preparado, porque somos previsores, a pesar de que segundo vostede non traballamos nin fixermos nada. Aí está o polígono de Catasós, aínda que sen infraestruturas, que ten carácter comercial ou mixto e que fora feito de xeito puro e duro cos terreos máis baratos. Dúas cousas se poden facer: Ou desenrolar unha parte da cuarta fase no Lalín 2000 ou acometer unha primeira fase en Catasós, solo clasificado para ese uso, por certo tramitalos e aprobado en ano e medio que levo. Hai un traballo feito e non hai que partir de cero. En Catasós está feita a modificación urbanística e no Lalín 2000 está aprobado o plan de sectorización. Sepa vostede que o que pide a Xunta de Galicia non é distinto para Lalín nin para ningún outro sitio en que se pretenda atraer a inversión. Si ou non? Non é distinto outra non inversión noutros sitios. Teño as miñas dúbidas. Rematou preguntándolle: en 25 anos nós desenvolvemos o solo industrial que puidemos, en Catasós coa modificación puntual do PXOM. Que fixeron vostedes en tres anos? Dime unha soa acción que fixerades. Termina xa.

**D. Nicolás González Casares.** Empezando polo último hai 40 % do terreo xa comprado. O traballo de desenvolvelo non é deste Concello, o que ten que facer é a proposta. Coa crise deixaron de venderse as parcelas, é certo, coa crise, pero vostede non deixaron de vender que ían ampliar o Lalín 2000, nos anos 2011 e 2010 e mentiron ao lalinenses a sabendas de que non se ía poder facer.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** En 2011.

**D. Nicolás González Casares.** Con esta situación mantén aos propietarios dos terreos nun limbo. Nos fixemos os deberes. Nada máis chegar nós rebaixamos o IBI aos propietarios do solo non urbanizable. Si Sr. *Crespo*. Fixemos que eses propietarios que pagaban 1000 € polas súas fincas, onde tiñan unha leira, pasaran a pagar o valor real que con coeficientes e coa redución chegou a 300 €, derivado da demanda e da Sentencia do Tribunal Supremo. Somos dos primeiros concellos en aplicala. Non sei se lembra iso.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Canto solo industrial se ten creado?.

**D. Nicolás González Casares.** Non. Vostede o venderon oito veces e non fixeron nada. Non se poden fiar da súa palabra, cinco seis e sete veces. Nós non tiñamos que facer nada de iso, cando a Xunta de Galicia ten comprado o 40 % dos terreos e hai plan para desenvolvelo.

Si hai aquí reiteradas demandas á Xunta de Galicia para que nos reciba, e atopámonos co que o PP pecha as portas aos asuntos dos intereses dos lalinenses, día a día, O conselleiro non tivo a ben dicir se recibe ou non ao Alcalde. Está ben dicir cousas, e logo non pasar á acción. Recoñeza.

Queríame referir ao “Concello Doing Business en Galicia”-. Esta proposta, fundamentalmente primeiro paréceme unha chantaxe, unha invasión de competencias municipais para condicionar o dar a subvención a os concellos que pasan polo aro que arranxamos. Dáme igual que o firme Alfredo o Presidente da FEGAMP e Alcalde de O Barco, está invadindo as competencias dos concellos. Pide por iso un cambio nas ordenanzas municipais. Poden estar ben algunhas cuestións que se piden. Agora, non será sospeitoso este goberno de non tomar medidas fiscais, empezando polo IBI, que baixamos do 0,5 ao 0,4, en tres anos.

Piden o IBI especial 95 %, as exclusión do IAE do 95 %, actividades nova, o mesmo ICIO, bonificar na segunda os empregos que se creen, 96 %, vinte postos, ao 75 %, de 11 a 20 o, 50% ata 10. Pode estar ben esta iniciativa, pero non é para toda a vida, é puntual. Desde logo os concellos somos os competentes en materia fiscal. Xa fixo bastante este Concello e podemos facer mais, antes da bonificación insistimos en bonificar as granxas ao 95 %. Non somos sospeitosos de non tomar medidas dese tipo, si a Xunta de Galicia, a condicionar a independencias municipal e tomar a política con medidas ideolóxicas que outros non podemos crer. Nos daremos nota desta moción, non debemos pasar. De repente atopamos con algunhas sorpresas. A Xunta de Galicia, é curioso, concede as subvencións por orde de chegada. Hoxe isto practicamente non o fai ningunha administración. Abrimos o turno por orde de chegada, avisamos aos nosos e vimos preparados.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede son incapaces neste terreo. Non fixeron nada en tres anos, non fixeron os deberes. Nós estivemos esperando e aoo final presentamos a moción.

O “Concello veno o Doing Business en Galicia”-ins bisnes coma unha chantaxe. A FEGAMP representa a todos os concellos. A FEGAMP asinou cos concellos. Non fiou manifesto ao Concello de Lalín a prensa, non sei falou a nivel persoal. Se eu estou na FEGAMP e firma algo, e eu no estou de acordo digo o que proceda, aínda que a nivel persoal non o vou saber. Se é tan malo, dígalle ao seu colega de Silleda que non o chantaxeen porque se adheriu a ese colexio. Dixo que lle parecía xustamente unha chantaxe, a firma dese convenio. Sabe unha cousa?. Os concellos están representados pola FEGAMP. Os que non se sintan representados por este

organismo, que salgan dela.

**D. Nicolás González Casares.** Aplique o mesmo ao seu partido.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se eu non estaba de acordo coas medidas do meu partido, dicíao. Empezaron a saír empresas, cinco, dez, trinta se sumaban e vostede non fixeron nada. Nos estabamos esperando a ver se ían facer algo. Cando o propoñen e nada, traemos a moción aquí, para acollernos a ese convenio; en segundo lugar se queremos que a Xunta faga solo industrial, temos que adaptarnos ao que está marcado en todos ordenes, ás cousas que estean estipuladas para todos os concellos non só Lalín. Nada máis. Solicito ou seu apoio.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** A lóxica sen entrar no tema non di iso. Eu son empresario, chego a Lalín, quero investir e vou ao Concello e me din: tes que rexistrarte. Entende o galego. É o que me gustaría. Grazas. Insisto como empresario, chego a Lalín quero investir e montar emprego e me din que teño que inscribirme nunha especie de rexistro. Se non dispoño de chan, con toda seguridade vou mirar ao concello de ó lado e as súas condicións para poder instalarme. Nunca entenderei esta política da Xunta de Galicia. Entendo estas medidas en lugares humildes e desertos, pero non no caso de Lalín. Sorpréndeme e moito. Ademais tiveron a mala sorte a asociación de que para as empresas nese momento fai falta solo industrial. É evidente que neste momento as empresas de tamaño medio ou pequenas queren vir a Lalín. Isto non o di o Alcalde, senón a asociación de empresarios. Dín que algunha empresa se quixo instalar en Lalín e que non o puido facer por non dispoñer solo industrial. Sendo neno eu, cando se inaugurou o Lalín 2000 dixeron que ira ser un eiral con toxos. As empresas que se asentaron e que hai en Lalín amosan todo o contrario. É evidente que necesitamos solo industrial, agora que estamos na recuperación económica. É evidente que non se fixeron ben os deberes pola Xunta de Galicia. En Sanxenxo estou de acordo en que non fai falta. Pero en Lalín si hai actividade. Dicirlle a un empresario que se ten que apuntar nun rexistro, non o entende ninguén. Algún empresario así mo trasladou. Eu son empresario e teño dificultades en poñer e non me dan facilidades e... En Lalín está baixando o paro deixando eses picos dos anos de atrás. Xa me contaredes, e pola acción de todo o mundo. Os datos de paro son de baixa, grazas á acción coordinada de todo o mundo, de empresarios, de asociacións. Se mañá entra pola porta un empresario e di que necesita unha nave de mil metros cadrados para poñer Inditex 2, e non ten solo industrial, vaino buscar a outro sitio. Non é atacar ao PP. Isto é tan lóxico, é tan evidente que non debera ter discusión. Me sorprende que vostede defenda iso. Podo entendelo para un lugar como Sanxenxo, con Telmo alí. Pero en Lalín hai necesidades a día de hoxe.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: dez (10), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.*

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

A consolidación da recuperación económica necesita do fortalecemento e mellora da competitividade do tecido empresarial afincado na comunidade galega, así como da chegada de novas empresas que contribúan a impulsar os nosos sectores produtivos e favorezan a xeración de valor engadido e o peche dos ciclos produtivos, así como a consolidación de emprego de calidade.

Sirva de exemplo que durante o ano 2016 o investimento produtivo estranxeiro en Galicia aumentou máis dun 35 %. De feito, se comparamos o ano 2015 fronte ao 2016, pasamos de 86 a 118 millóns de euros. Ademais, no primeiro semestre de 2017 a nosa comunidade ten captado xa preto de 90 millóns de euros.

Galicia, polo tanto, debe seguir nesa liña positiva de captación de investimentos e para iso é fundamental crear un contexto máis favorable para desenvolver proxectos estratéxicos na actividade empresarial.

Nese sentido, a Xunta ten aprobado iniciativas de gran valor como a Lei de emprendemento e competitividade económica de Galicia, incorporando novas axudas e instrumentos financeiros, facilitando a compra de solo e creando incentivos fiscais ao investimento.

Así mesmo, para este mes de outubro está previsto dar un paso máis coa aprobación dunha nova lei de fomento da implantación empresarial que se leva consensuando cos principais axentes económicos e sociais de Galicia e que vai a xerar un clima propicio para o investimento.

Neste sentido, o pasado día 10 de outubro vén de asinarse un convenio de colaboración institucional entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para ampliar o alcance das medidas da futura lei e sumar esforzos no eido de rebaixar os impostos e as taxas municipais e participar no compromiso dunha maior axilidade administrativa.

A firma deste Convenio por parte dos concellos é unha mostra do compromiso co progreso económico e social do nosa terra e, ademais, trae beneficios en tanto que os concellos adheridos -e que obteñan o distintivo "Concello Doing Business en Galicia"- terán preferencia nas axudas autonómicas destinadas a impulsar a industria, o emprego ou o emprendemento, cando as convocatorias sexan en réxime de concorrencia competitiva.

Por outra banda, e na liña de facilitar o asentamento de empresas e de proxectos emprendedores en Lalín, é necesaria a posta en marcha dun rexistro para recoller a demanda real do empresariado de solo industrial que permita abordar, en colaboración coa Xunta, a ampliación do Polígono Lalín 2000.

Este rexistro permitirá coñecer con exactitude a cantidade de metros cadrados reais á que ascende a demanda real de solo en Lalín. Con esa demanda real de solo deberíase elaborar unha proposta realista de ampliación do solo industrial na que se recolla o solo necesario para cubrir a demanda existente e contrastada, pero tamén unha cantidade de solo de reserva a maiores que permitise cubrir as necesidades

inmediatas de crecemento e asentamento de empresas a curto prazo que poidan xurdir

A cuantificación do solo que permitirá a apertura do rexistro, que se debería acometer coa AED, permitirá negociar con XESTUR e coa Xunta de Galicia a cantidade de solo necesaria nesta nova fase.

En vista do exposto, o Pleno da corporación municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Instar ao Concello de Lalín a adherirse ao convenio marco para a captación de investimentos asinado pola Xunta de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias o pasado 10 de outubro de 2017.

**Segundo.-** Instar ao goberno de Lalín á creación dun rexistro de empresas que recolla a demanda real de solo industrial, a fin de podela remitir á Xunta para que esta acometa a ampliación de terreos de uso empresarial en Lalín na superficie necesaria para cubrir esa demanda e nunha suplementaria que prevea as solicitudes que se poidan dar a curto prazo.

**Terceiro.-** Dar traslado do acordo plenario á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

*Sendo as 13:19 horas auséntase da sesión a Concelleira D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey (PP), quedando o grupo popular con 9 membros e sendo 20 o total de asistentes, e incorpórase á sesión o Sr. Interventor.*

### **13.- EXPEDIENTE 2881/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DE CONCELLEIRO NON ADSCRITO EN RELACIÓN Á APROBACIÓN DE FACTURAS NAS QUE NON SE TRAMITOU UN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. -**

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro auxiliar electrónico o día 23 de maio de 2018, co número de entrada 472.

**D. Juan José Cruz García.** Obviamente presentei esta moción por urxencia, case como rogo ao Sr. Alcalde, case por motivos laborais, porque estou desbordado de traballo, e resúltame imposible chegar a tempo. Pido o voto por urxencia e no mesmo rogo que o Alcalde teña a ben cando lle pido intervención dalgún membro, funcionario do Concello, teña a ben insistirle, está nas súas competencias, non teño claro se es competencia de que vostede lles faga falar. Dado que non temo tempo, que creo que lles falta algunha cousa. Vou expoñela, pero creo que está incompleta. Pido o apoio para a urxencia, por non ter tempo. Non son político profesional.

Sometida a votación a **URXENCIA** da moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE DITA URXENCIA.**

**D. Juan José Cruz García.** Reiteradamente polo desgaste, Rafa, que me

fixeches por detrás. Aclaro as faladurías.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vexo que ten obsesión comigo. Eu pensei que me gustabas.

**D. Juan José Cruz García.** Gústasme. Tes certo...Cría en ti e que ías facer algo na política galega.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O amor non cho vou facer.

**D. Juan José Cruz García.** Vas ter que empezar por ti. Metes a pata cincuenta mil veces.

A moción ven para dicirlle ás empresas de Lalín que sen non cobran non é culpa edil non adscrito. Poden dicir que non se aproba e darlle pouco caso da prensa. A ver si me acordo e podo acotar as frases da prensa. A forma de actuación é recoñecida que foi irregular. Non teño culpa ningunha diso, nin dos reparos, nin da situación caótica que é por culpa vosa. Marcheime do goberno, entre outras moitas cousas, porque non podía entender que unha persoa ao mes de entrar, xa estaba pedindo insistentemente a miña dimisión, dicindo que tiña problemas con Intervención. Digo que se me demostrades isto, dimito ao día seguinte. Quen fai mal o traballo, que pague as súas consecuencias. O Real Decreto 500/1990 di se o Pleno é ou non é. No debate xurdido parece que hai cousas que se podían ampliar. Reiterar con esta moción, que do contratado irregularmente, as consecuencias tenas que asumir quen as fai. A min que me din quen comprou este bolígrafo, e a onde van os cartos ou se houbo un erro na deputación.

Non creo na vosa vontade. Se hai 12.000 € e non se sabe como foron tratados, é culpa vosa, desde Intervención e na comisión informativa aclaróusenos que podíamos ter responsabilidade patrimonial. Non teño medo. Son descoñecedor de procedementos. O avogado dixo que non tivera medo e que podía votar con total liberdade. Si quero que entenda o pobo de Lalín que as responsabilidades son de quen encargan facturas e as aproban. Gústanos moito dicir que non nos gusta xudicializar a vida política. Con Cruz si e con temas banais, e outros teñan que recular. A vida pon a cada un no seu sitio. Os homes sinceros, temos que tragar co que no nos gusta, coa sinceridade e vai para todos os lados. Teñan coidado, hai armas para xudicializar a vida política. Anuncio ao Alcalde que estou moralmente capacitado, e quero creer que imos ter unha conversa privada e voulo explicar durante o turno de rogos.

Eu son home de palabra. Con Cruz non se xoga. Simplemente pido que se faga ese informe e se aclare a responsabilidade que poden ter os concelleiros que aproben as facturas. Anuncio que meterei isto por entrada no rexistro esta semana, para pedir todas e cada una da facturas dos doce mil euros. Póño-me a disposición do meu grupo de traballo. Non é unha ameaza. Perdoei a vida política ao sr. Alcalde. Houbera podido venderme e non quixen. Por iso recoñéceme a xente como non adscrito. Vostede ten capacidade para regular os cartos, os negociou e os remanentes co PP, pero coa débeda non quixo negociar. Estou aberto ao diálogo. Sen máis, pedir o informe, para saber a responsabilidade que pode ter cada un e que aclare estes reparos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** De acordo. Queres falar fi?. Tela preparada?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Se é por urxencia?. Pedimos un

receso no Pleno.

**D. Nicolás González Casares.** Puido darse traslado da mesma á oposición por sede electrónica.

**D. Juan José Cruz García.** A vos non vola deu. Estou tremendamente atareado. Desculpas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** José Antonio: Proceda.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Desculpade. Ao ser por urxencia e non tela preparada. Nos presentamos tamén unha moción nesa liña. Entón eu quería propoñer ao edil non adscrito, é dicir, na parte súa expositiva, de exposición de motivos non nos metemos aí. As consideracións que faga vostede... Pero na parte dos acordos que vostede propón, vanse presentar na parte dispositiva. Hai dúas mocións unha coa vosa de delegación e outra que facemos nós, dirixida á variación da Base 15 Entón as competencias irían en base á limitación. Quería propoñer que na súa moción esa primeira que a reitere, onde fala que o Alcalde e que o Pleno delegue. Se quere o informe, déixeo. Nós imos apoiar. A retirada desa primeira parte queda condicionada porque o Real Decreto a que vostede fai referencia pon claramente que as Bases de orzamento ai que adaptadas ás condicións do concello e ás circunstancias para axilizar a administración.

**D. Juan José Cruz García.** O artigo xusto citado. Tu como interpretas iso, co que me custou cos asesores que...

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Propoño que retire esa primeira parte. Despois nos propoñemos o que falamos ao principio.

**D. Juan José Cruz García.** Por min non habería problema. En privado gustaríame ter unha conversa privada con vostede. Sobre ese artigo hai varias interpretacións. Da igual. Tedes razón. Eu falaba do ámbito de pais amplo. Son descoñecedor, vexo que no Pleno son máis profundas estas cuestións. A min pillame por sorpresa.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Nos o explicamos publicamente. E queremos traelo a sesión.

**D. Juan José Cruz García.** No debate vexo que tedes razón. Non hai problema en eliminalo. So quedaría pedir o informe.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Se retiras a primeira parte. Votamos a favor.

**D. Juan José Cruz García.** Hai que ver de quen é a culpa de pagar no futuro. Se as empresas teñen que dirixirse ao xulgado a culpa é de quen é. É moi duro para quen presumía e quería presumir de falar comigo de dicir que era a persoa da súa confianza e ao mes pedíame a miña dimisión. Iso teno que saber o pobo de Lalín e repetireino as veces que faga falta.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ti dis que eras da máxima confianza miña?

**D. Juan José Cruz García.** Ti me dicías iso e ao mes que tiña que dimitir. Agora cos reparos hai que aprobar isto no Pleno e: que eu teña que aprobar un reparo voso é...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Nada que dicir o PP?..

*Aclaracións. Secretario e José Antonio Rodríguez Fernández debaten sobre como quedaría o texto da moción aprobada.*

**D. Juan José Cruz García.** Retírase. A vosa aclara moito mais.

O Sr. Secretario. Queda só o informe.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: dez (10), sendo nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: dez (10) sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, unha (1) da APAC.*

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Vendo que no pleno do vindeiro venres 25 veñen 12.000 euros de facturas reparadas porque o alcalde lle quitou esa competencia ás Xuntas de Goberno Local e aos Decretos de Alcaldía, despois de escoitadas as verbas da concelleira de facenda e parece que totalmente *ratificadas polo interventor recentemente chegado ao posto* de que a *forma de actuación desde este mesmo mes será sempre o procedemento a seguir que o pleno levante os reparos.*

Polo tanto ademais entendendo que o meu voto podería ser decisivo (e podería ter consecuencias patrimoniais, segundo declaración do propio interventor, así coma aos dos demais representantes do pleno).

Queréndolle aclarar ás empresas que as responsabilidades executivas e de xestión caótica son do desgoberno se non levantan os reparos e non cobran e teñen que asistir á xustiza é por CULPA de Cuíña e os seus socios.

Véxome na obriga de facer unha moción por urxencia para que *paguen as consecuencias quen fixo mal o traballo, Cuíña e os seus socios*, polo tanto ademais pedirei asesoramento e ofrezco ao pleno a posibilidade de arraxar o problema segundo se crea e sexa oportuno. Ratificando que descoñezo se os traballos desas facturas foron feitos e incido que quen fai o gasto é o responsable.

En vista de que se fixeron gastos sen seguir o procedemento legal, o alcalde pídenos que lle aprobemos as facturas, pero como a responsabilidade é deste



desgobierno, recorrendo ao tenor literal do artigo 60.3 do Real Decreto 500\90, o **Pleno da Corporación Municipal acordou:**

Que o pleno delegue na Xunta de Goberno Local e nos Decretos de Alcaldía o recoñecemento extraxudicial de créditos en casos como este que ven hoxe a pleno para que sexa a Xunta de Goberno ou o Alcalde quen ou quenes asuman as responsabilidades de pagar gastos irregularmente contratados, cos que estou en absoluto desacordo e sen prexuízo das responsabilidades que poidan ter os responsables de efectuar estes gastos con vulneración flagrante do procedemento establecido.

Ademais pido informe ao alcalde que aclare que responsabilidades ten contratar irregularmente.

Para tal efecto presento este texto por rexistro en forma de moción e en forma de petición de informe dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Lalín.

*Sendo as 13:45 horas ausentouse da sesión o Sr. Interventor.*

**14.- EXPEDIENTE 2959/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO PP PARA QUE O ALCALDE PROPOÑA AO PLENO A MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN Nº 15 DO ORZAMENTO.-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada “in voce” na sesión polo PP.

Sometida a votación a **URXENCIA** da moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE DITA URXENCIA.**

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Nos presentamos esta moción por escrito e in voce. Ben para non volver a repetir a nosa argumentación que fixemos nos puntos 5 e 6 deste Pleno, cando se trataron as facturas que viñan con algún reparo, nos xa propuxemos que se metese un cambio na delimitación de competencias na Base XV e como naquel momento se nos deu a entender que non era o momento nin a forma, porque eran bases que estaban relacionadas co DUSY, como voceiros do PP e en nome propio e do PP presentamos esta moción.

O motivo de presentala é debido ao que se explicou nos puntos anteriores, son os cambios de interpretación e a que vai ser algo habitual, polo que nos deron a entender, a chegada de facturas que non se axustan ao procedemento xeral de contratación. Nos propoñemos a este Pleno a que o Alcalde propoña ao Pleno a modificación da Base XV para non repetir todo.

A base XV fala que en todo caso corresponderá a alcaldía o recoñecemento e a aprobación das obras derivadas do gasto. No outro punto as competencias do Pleno da Corporación, pedimos que se retire ese punto e se meta o que corresponda a Alcaldía. Quería dicir que en todo caso, correspondería á Alcaldía os

Entre eles debía aparecer recoñecemento extraxudicial de créditos, no caso sen someterse ao procedemento xeral de contratación. O motivo da moción que complementa a moción do edil non adscrito é delimitar as súas competencias. Tamén que adaptarse ás condicións do Concello e adaptarse ás circunstancias para axilizar, e adaptarse ás empresas. Non podemos chegar a un Pleno e que teña que tomar esta

decisión cando a execución a fai o goberno como xa indicamos antes. Como dixemos cando tomamos a palabra neste Pleno, a responsabilidade da xestión cara a estas empresas e do goberno e hai que procurar non metelas en procedementos xudiciais. Vostede tiñan que modificar estas base.

**D. Juan José Cruz García.** Vou seguir lendo todo o texto. Confío en que todo isto é viable. Cometín algún erro na miña exposición. A responsabilidade, non é por levantar o reparo, senón por contratar irregularidade. Estou algo nervioso. Coméronse algunhas brutalidades inadmisibles neste Pleno. Polo tanto que conste en acta esa ultima frase que dixen e nada mais.

O Sr. Secretario. En canto ao texto da moción. Do punto 1, nada que dicir. Si teño que dicir que o apartado 2. "Malia que o anterior o Alcalde Presidente poderá avocar esa competencia por razóns de urxencia e necesidade á Xunta de Goberno", non procede Entendo que si o Pleno delega na Xunta de Goberno, o apartado que indica que o non pode avocar. Ten que ser o superior xerárquico, e sería o Pleno. Este segundo apartado, non o vexo porque non hai relación de xerarquía.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que se faga o informe, propón que o fagan os altos funcionarios e para o que se pode facer ou non e logo verase. Nos imos abster.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Os informes son de parte.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Como de parte?.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Sempre que piden un informe, e sempre de parte.

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.** Os informes son de parte?

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Cando piden un informe é sempre para atizarlle ao contrario.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Nos imos abster. Sairá adiante. Como vexades.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** A nosa postura no Pleno diante deste tipo de situacións non a imos variar. Entón, se o que queredes é axilizar a situación, debes tomar unha decisión.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Estouche dicindo que nos ímonos abster.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** A nós aprobar isto é o de menos. Temos clara a nosa postura

**D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus.** Dúas cousiñas nada mais. As bases de execución sabedes os que gobernaches, non son vontade política, son o facer dun Interventor. Cando aprobamos os orzamentos, o que facemos son decisións de gasto que xa están xa comprometidos. O resto non podemos tocalo. Está ben que a vosa intención e si non si o aprobamos. Imos absternos á espera do, informe técnico. Esta proposta díxenlla eu antes, que ten que vir nun expediente aparte, porque se trata dunha

contabilidade separada co informe de Secretaría, máis ben de Intervención. Isto tamén. O outro día cando estabamos en Comisión Informativa. Vostede viron a vontade política de non levalo a Xunta de Goberno. que non tiñamos problema na Xunta de Goberno. O Interventor dixo non e tiña claro, si son facturas ao Pleno. Por isto o Alcalde di que faga un informe o Interventor. Se son facturas que tiñan que vir ao Pleno, imos deixar ao Interventor que o estude. De aí o motivo da abstención.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** A xustificación fixéchela. Queremos deixalo claro. Isto non é un problema noso. Nos temos a culpa de situacións que se poidan dar. Pero por favor un pouco de sensatez a todos os que estamos aquí. Non digo nada máis. Cando se lle explique e se contrate que se sepa que o que contrata e o goberno o que é quen decide. Queremos votar.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non imos pedir informe parate, ao contrario vos que mirades o interese xeral

Na moción pedíase:

**Instar ao alcalde a que o alcalde de Lalín propoña ao pleno a modificación da base número 15 de execución do orzamento para que quede do seguinte tenor:**

#### **BASE 15.- DELIMITACIÓN DE COMPETENCIAS**

*Corresponderalle á Xunta de Goberno, a autorización e disposición dos gastos que deriven do exercicio das competencias do Alcalde-Presidente, así como o recoñecemento e liquidación das obrigas. Malia o anterior, o Alcalde-Presidente poderá abocar a competencia delegada para supostos concretos e por motivos de urxencia.*

*En todo caso, corresponderalle á Alcaldía a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas dos seguintes gastos :*

- *Os gastos de persoal consonte as normas que os regulamentan, incluídas as axudas de custo e indemnizacións ó persoal ó servizo do Concello e dos membros da Corporación.*
- *Intereses, amortizacións e comisións financeiras por gastos derivados da débeda municipal.*
- *Apertura e cancelación de operacións de tesourería que non excedan da súa competencia, consonte as disposicións, do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *O recoñecemento extraxudicial de créditos no caso de que se realizasen gastos sen someterse ó procedemento xeral de contratación.*

*Corresponderalle ó Pleno da Corporación, a reserva das delegacións efectuadas, a autorización e disposición dos seguintes gastos:*

- *Gastos de carácter plurianual, cando a súa duración sexa superior a catro anos, ou o seu importe supere o 10 % dos recursos ordinarios do presuposto.*
- *O concerto de operacións de crédito cunha contía acumulada de máis do 10 % dos recursos ordinarios do presuposto.*
- *O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria no exercicio no que se realizou o gasto. Fóra destes supostos, o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle á Xunta de Goberno Local, logo da incoación do expediente polo concelleiro delegado de Facenda.*
- *Aqueles outros gastos que deriven do exercicio da súa competencia.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: dez (10), sendo nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: dez (10) sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*

*Abstencións: ningunha.*

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación o expediente, por existir empate de votos na primeira, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: dez (10), sendo nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: dez (10) sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **CO VOTO DE CALIDADE DA PRESIDENCIA, REXEITOUSE A MOCIÓN.**

#### **15.- EXPEDIENTE 2857/2018. ROGOS E PREGUNTAS. PLENO 25 05 2018.-**

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A Lara Rodríguez Peña, se as quere contestar, pode. Agradeceríalle que constase todas ou algunhas. Se non, cando estime o regulamento.

PREGUNTA.- Cando coñeceu e tivo acceso aos informes aos que se refire á denuncia que presentou contra nós?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Realizou algunha consulta, xa vexo por onde van os tiros, co avogado antes presentar a denuncia.?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Non falou nunca co avogado que presuntamente tiña que facer a suposta RPT?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Polo que se di nos medios de comunicación, vostede di na súa denuncia reiteradamente que o Secretario Xeral informou na Xunta de Goberno. Comprobada por nós esa acta, resulta medios que o informe que atribúe ao Secretario que se aproba pola Xunta de Goberno resultou ser do Técnico de Administración Xeral da casa que ten unha serie de recomendacións. Por que minte ao xuíz dicindo que é do Secretario é non do Técnico de Persoal?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Vai ampliar a denuncia contra o propio goberno actual despois de tres anos sen facer nada ao respecto?

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

PREGUNTA.- É consciente da responsabilidade xurídica por adoptar acordos contra o informes de Secretaría e Intervención vostede?

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

PREGUNTA.- Que oculta cando dí que polo ben de todos os socios de goberno que non fai falar?.

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

PREGUNTA.- Pensa dimitir, se non prospera á denuncia?

PREGUNTA.- Considera que a súa postura é congruente?

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

PREGUNTA.- Por que non denunciou ao Alcalde polo tema de Luis Madriñán ou visualizando a oposición no tema das cámaras?

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

PREGUNTA.- Por que non alza a súa voz contra certos comportamentos do seus socios de goberno?

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

PREGUNTA.- Coñece ou ten trato con Sabela López Mato? Agradeceríalle que me dixera si ou non?

***Dª Lara Rodríguez Peña dixo que respondería por escrito.***

PREGUNTA.- Non me pode dicir se a coñece ou ten amizade con esa persoa. Aparece unha factura de 3630 € como pagados en concepto de anteproxecto museolóxico do Museo Galego da Marioneta, aparece a factura na relación de 13-1-2017 e emitida o 30-12-2016. Todo o relativo ao museo da marioneta non o daría feito Viravolta, que é o único que hai en Galicia e todo en Lalín está feito por eles?

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

O feito de non contestar amosa a covardía política, porque nada lle impide contestar o que lle dea a gana e contestar ás cousas que se pregunta. Pero non se preocupe pode non contestar ao que lle pregunta que nós desde a oposición podemos facer que compareza. Agora pode contestar ou non. Polo tanto Se quere evitar a comparecencia, dea as explicacións como é debido; e se non quere, comparecerá.

É un escándalo maiúsculo. Os únicos que saben en Galicia, os que máis saben é Viravolta. Que vostede non lles encargue un proxecto a Viravolta e que vostede lle

encargue un anteproxecto do Museo da Marioneta a outros paréceme cando menos sospeitoso. Agora entendo porque non se gastaron os cartos do Museo. Porque había que sacalo a concurso. En todo caso cando me responda direi o que opino.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

**ROGO.-** Mire ser. Alcalde. É pouco de homes de honra intentar tirar a pedra e esconder a man. Todos nos coñecemos. Todos sabemos as capacidades e de que vai cada un e o que vai buscar. Eses dous informes aos que fai alusión Lara son encargados por vostede, salvo o de 2012. Se non fora porque son do seu amigo avogado encargado da RPT, teño dubidas de que se atopara aquel. Non importa, era público e saíu nos medios de comunicación. Que pretenda poñerse ao lado, cando é o brazo executar desde meu punto de vista.... Pon a Lara como brazo executar pero a intención é súa. Non teño dúbidas de que eses informes foron encargados por vostede. Non teño dúbidas de que vostede intenta poñerse de lado, cando é vostede e utiliza a Lara como brazo executor seu.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non é certo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A min non me cadra. Non o vou intentar convencer a estas alturas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non son partidario de xudicializar a vida política. Díxeno mil veces. Respecto ao que fan os demais... Está obsesionado. Eses informes xurdiron a raíz de que había que pagar os trienios aos traballadores e pediuse a vida laboral. Po isto se pediu este informe.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** No informe de 2012 aparece Román.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non teño nada que ver con iso. Está na prensa. Podes crer e dicir o que queiras. Éche así.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non só non creo, senón que creo o contrario. Vostede é a man que mece a cuna. Se veu a película..

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Doulle a miña palabra que non. Dixen que nunca lle faría iso, que non faría.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É increíble. Vostede é o responsable do goberno: Polo tanto por acción ou por omisión.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa empezamos a cambiar as cousas

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede é o responsable das cousas que se fan aquí. Vostede non me venda motos que non as compro a esta alturas.

**ROGO.-** Pídlle que en todos os plenos. Non hai plenos en que non o faga. Vostede quéixase de que non se fagan referencias ao seu pai. En todos os plenos, vostede as fai. Neste volveuno facer. Non me parece correcto que en todos os plenos faga como o can que no xanta. Algo que intenta coller beneficio político do seu pai.

Mire se o seu pai se levantase a cabe, vostede sabe.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Coidado co que di.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, teño coidado. Teño todo coidado do mundo. Os que se sentan con vos no goberno, cando queira demóstroo con papeis puxérono como podre e máis alá; xente da APAC e a que manipula á APAC.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** É certo. Os que acabaron con el foron vostede. Os traidores mataron ao meu pai.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Foi vostede cos disgustos que lle deu. Vostede é un traidor ao PP. Utilizou o PP para o que lle conviña. Se hai alguén que ten que estar agradecido ao PP, é vostede, e sábeo; bastante máis. Eu estou moi agradecido. Que utilice vilmente a figura do seu pai para o que lle convén non é de recibo. Pídlle que reflexione. Vostede dixo que non se lle mencionara aquí. Dixen que era correcto. Pero sempre o trae a colación aquí. A xente que está sentada ao seu lado poñíano como podre e máis alá de podre.

ROGO.- Por último, na súa intención de humillarme e de insultarme me molesta cando me chama desertor do arado.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Que non llo chamei.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Primeiro non. Cando o quixo arreglar, fíxoo, pero dixo a Manolo de Castro que non se deixase aconsellar por desertores de arado. Foi cando eu reaccionei. A quen se refería, se non? A min. A ver se somos.. A quen se refire? Aos gandeiros que están con Manolo de Castro?. Eses seguen a estar no arado. Deixe aos desertores do arado. Eu son gandeiro e a moita honra. Eu era gandeiro e nunca fundín ningunha explotación agropecuaria. Fundei unha cooperativa, daquela a máis importante de Lalín.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non o vou consentir. Non o chamei.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si que mo chamou. A quen o chamo, se non?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Chámoo agora. Chameino aos gandeiros que se deixaban aconsellar por desertores do arado, pero na radio. Expliqueino na radio. Aos que están apoiando aos gandeiros. Dáme igual. Vostede está obsesionado comigo dende hai tres anos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Quen estás obsesionado és ti.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Vostede está obsesionado comigo. Non teño a culpa, se o chamei. Se lle chamase desertor do arado igual que vostede me chamou chulo e hipócrita, non pasa nada. Pero non foi o caso. Se quere dicir, dígoo centos de veces. Esta enfermizamente obsesionado comigo. É unha mágoa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pídlle respecto á miña persoa.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Quen lle faltou ao respecto?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Leva tres anos intentando humillarme por todo o que lle cae. Ten obsesión comigo. É enfermizo comigo e coas mentiras. É un mentiroso compulsivo e encima ten obsesión comigo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Quen dixo desertor do arado?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Aínda que o dixera cen veces. Téñote chamado cousas peores. Dixen que desertores do arado son aqueles gandeiros que os humillan co leite.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Despois.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Aclareino. Se queres pensar que era por ti, ti mesmo. Non era por tí. Non era por ti Pódoche dicir isto diante de velas. Sei que non me cres nada. Dáme igual que non me creas nada. Eu a ti si. Non me creas. Dáme igual. Desculpa.

**D<sup>a</sup>. María José Senande Méijome.**

PREGUNTA.-Tendo en conta que o goberno municipal non fixo alegacións no tema do Centro de Cultura Castrexa e que no Pleno dixeron que ían presentar alegacións porque non estaban de acordo co que se puxeran eses prezos.. Cal foi o motivo de non presentarse as alegacións.?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.-Van permitir que se trate a colectivos e veciños de Lalín e do Deza, a quen van dirixidas as axudas, que se cobren as tarifas aos que sexan do Deza e de Lalín e aos que non o sexan?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Con este cambio na regulación da Deputación dixeron que non ían alegar. Entendo que van volver a demandar e alegar por este motivo?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

**D. Juan José Cruz García.-**

ROGO.- A Tomás Vilariño. Debera facerlle máis caso ao que lle dixo no pleno anterior. Sei que é un bo home. Ao meu amigo Tomás Vilariño non voulle facer ningún dano. aconséllolle que non se preocupe. A vida política pasa e tranquilidade. Eu non lle quero facer ningún dano.

**O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

ROGO.- O erro magno de Auditorio de Muimenta estaba suficientemente



comunicado polo encargado da música ao Alcalde. Como se vostede quere manipular as conversas... Faga como queira. Xa lle aviso que vou falar das dúas gravacións que hai.

***O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.***

ROGO.- Discúlpese cos veciños de Lalín e con Pedro Vilariño porque o trato que lle deu a ese home non é digno e non é o trato dun Alcalde deste concello. Eu vou facer públicas todas e cada das cousas que posúo nas miñas man.

Rógolle que agora mesmo en dez segundos se desculpe ante D. Pedro Vilariño, veciño de Muimenta, encargado da Escola de Música.

***D. Juan José Cruz García.-*** Quero facer fincapé no Sr. Secretario para que apunte en acta, cando revise o audio deste Pleno, que revise moi, moi pormenorizadamente o momento en que eu me dirixo a Rafael Cuíña como amigo de Pablo Crespo.

ROGO.- Quero preguntarlle e dicirlle a Rafael si cree que tivo algunha frase ou algún adxectivo hacia mín que poida ser ofensivo. Doulle a oportunidade de que se retracte. Insisto en que teño problemas. Non se se o debo dicir. Fareino público nas redes sociais. A forma máis fácil é evitar posibles enfrontamentos e teño sobrada documentación para xudicializar a vida política. Creo que o trato que recibín hoxe e o adxectivo o que dixo Alcalde sobre Juan

ROGO.- Dea desculpas publicamente.

***D. Rafael Cuíña Aparicio.*** Que adxectivo?.

***D. Juan José Cruz García.-*** Vostede tratou á miña nai dunha maneira que non é para nada.

***D. Rafael Cuíña Aparicio.*** Que di?.

***D. Juan José Cruz García.*** Non se marche, ten que aguantar. Vostede falou da honra da miña nai.

***D. Rafael Cuíña Aparicio.*** Pido desculpas sinceiras. Non se a que se refire. Pido desculpas. Desculpas.

***D. Juan José Cruz García.*** Sabe vostede que o vou facer público. Atéñase ás consecuencias.

***D. Rafael Cuíña Aparicio.*** Desculpado. Xa lle pedín as desculpas.

***D. Juan José Cruz García.-***Aceptadas as desculpas. Xa verei os cauces que sigo. Fora disto, reláxense. Todos temos que relaxarnos.

Dirixidas á APAC.

PREGUNTA. Quen son os enchufados no Concello de Lalín, con nomes e

sinais, os apelidos dos enchufados do Concello de Lalín?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Por que non os botan á rúa ou convocan as prazas debidamente?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Se son enchufados: non sei porque os protexen?. Pódeme aclarar isto a APAC?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA. Se é que son enchufados ou regularizados, podemos falar de que o que fai este goberno é un reenchufe?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA. Cando son enchufados e cando non?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA. Os contratados de antes son enchufados e os de agora non?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA. Que criterios segue para dicir alguén é enchufado?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

ROGO.- Insistirle ao Secretario que na acta quede moi claro o audio cando falei e dirixinme a Cuíña como amigo de Pablo Crespo.

A pregunta para o Secretario. Se me acaba.

**D. Nicolás González Casares.** O Secretario non ten que responder as preguntas.

PREGUNTA.- O Sr. Secretario. Gustaríame que respondera agora no Pleno. Coida que neste Concello houbo nalgún momento enchufados?.

**O Sr. Secretario.** Non e é parte do seu traballo.

PREGUNTA. Polo contrato da RPT pregunto á APAC se vixía ou está vixiando se o contrato se cumpriu ou non?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

ROGO.- Pida un informe do mesmo, ou que nos o aclare ela en prensa. Quero

aquí no seu momento tivo que quitar algo que eu non evitara no mesmo xuízo, escríbense cousas que non dixen. Hoxe váleme tamén para dicir que atacou formalmente ao PP. estaba sendo atacado. Dixen que non todo o PP era corrupto. O Faro de Vigo díxoo así. Perdón por si tivemos algunha disputa. Tamén esta semana apuntámola ben.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Se non fai preguntas o corto Ou remata ou pleno

PREGUNTA.- O avogado, que non fixo a RPT, cumpriu? Si ou non?. Iso preguntoo a APAC.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Pensa que este contrato tamén foi por enchufe?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Cando é enchufe e cando non?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

Agora vin a frase nun medio de comunicación que dixen e varía. Varia a denuncia ao Sr. Alcalde por escrito contrato, a Lara Rodríguez? Quero que o Faro de Vigo o corrixa.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Vai denuncia ao Alcalde por este contrato da RTP a Rafael Cuíña?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

ROGO.- Ao Secretario. Que conste en acta e mesmo o audio no momento en que me dirixo a o alcalde como amigo de Pablo Crespo.

**O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

PREGUNTA.-Tivo algunha forma ou adxectivo a forme ou delle poa posibilidade de que se rechace. A forma máis fácil e evitar enfadarse. O ton solicitado de maneira vías públicas. O trato recibido hoxe merece reabrir as desculpas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que adxectivo?

ROGO.- Polo trato que o Sr. Alcalde deu a súa nai, pido que se desculpe polas súas verbas, xa que lle faltou ao honra da súa nai.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non se de que se trata, pero si, me desculpo.

**O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

**D. Juan José Cruz García.** Saberá que vou facer público isto.

PREGUNTA.- Cumpriu o avogado que tiña que facer a RPT o contrato?

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

PREGUNTA.- En relación con este contrato. Foi por enchufe? Cal é o enchufe? Vai denunciar ao Alcalde por este contrato?.

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito***

E, sendo as **catorce horas e oito minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.  
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.  
César López Arribas